

O Couto Mixto,
unha república
raiana
esquecida



Páxina 11

O novo
matadoiro do
Carballiño
para outono



Páxina 15

Adxudicadas as
obras da nova
avenida-
variante de
Tomiño



Páxina 19

XIII Festa do
Tinto Rías
Baixas
nas Neves



Páxina 20

Verán Cultural
Arbo "San
Roque 2018"



Páxina 23



O Pórtico da Gloria restaurado

Páxina 5

Entrevista



Goretti Sanmartín, candidata do BNG á
alcaldía de Compostela

“Entendemos que en
Santiago faltou equipo e
faltou planificación”

Páxina 2



UNIDAD DE CIRUGÍA LAPAROSCÓPICA

Equipo liderado por los doctores
Marta Salgado y Alejo Muínelo



Minimamente invasiva

Recuperación más rápida

Disminución estancia hospitalaria

Menor riesgo de infección

Menor dolor postoperatorio

Entrevista

Por: Moncho Mariño

Goretti Sanmartín, candidata do BNG á alcaldía de Santiago de Compostela

“Entendemos que en Santiago faltou equipo e faltou planificación”

Goretti Sanmartín Rei (A Estrada) é a candidata do BNG a ser alcaldesa para Santiago para as eleccións municipais en 2019. Foi elixida logo de tres anos de goberno de Compostela Aberta, unha lexislatura que para Sanmartín

foi “ao noso entender bastante perdida”. A falta de proxectos ou o continuismo dalgúns que xa viñan de lexislaturas anteriores, faille ver a Sanmartín unha cidade que precisa “máis concreción” na xestión do día a día compostelán.

Como afronta o reto de ser a candidata do BNG para a alcaldía de Santiago?

Con moita ilusión, moitas ganas e vexo que con moito apoio tanto por parte de militantes do BNG como por xente que non é militante, pero tamén co peso que dá esa responsabilidade de ser a candidata á alcaldía. Santiago é a capital do país, un lugar onde gobernamos con experiencias moi positivas para o goberno da cidade e onde estivo operando nestes últimos sete anos o voceiro Rubén Cela, que é un grande da política e do saber facer.

Aproveitará a experiencia recollida polo BNG nos anos que cogobernou co PsdeG.

Desde logo que aproveitarei a experiencia de todas as persoas que pasaron polo goberno da cidade como Néstor Rego ou Elvira Cienfuegos. O certo é que houbo xa propostas moi interesantes para o concello de Santiago e nós pensamos que hai que poñer en valor. E tamén aproveitaremos a experiencia destes tres anos de estar na oposición coñecendo man con man con Rubén Cela as cuestións do funcionamento ordinario e doutras cuestións sobre a actualidade do concello. Nós pensamos que o BNG non sae da nada e que ten un grande coñecemento do mesmo Concello. Coñece ben onde hai que facer máis cousas e sempre está ben saber que formamos parte dunha cadea en que traballamos todos e todas para transformar os concellos.

Obviamente haberá que esperar os resultados, pero se houberse necesidade de pactos, haberíalos?

Os tempos en política son importantes e nesta fase trátase de comunicar as nosas propostas á poboación e que opinen sobre esas propostas. Nós aspiramos a gobernar e ser o máis determinantes posibles nas políticas que se desenvolvan. O BNG leva no seu ADN o diálogo, o pacto e acordos e desde logo que nós sempre coa man tendida como fixemos nestes tres anos de lexislatura. Lembro a nosa oposición res-

ponsable e constructiva onde aprobamos os orzamentos e iniciativas do propio goberno para que saísen adiante. Iso no quere dicir que se puxesen en marcha cuestións que nós demadabamos, como a aprobación da remunicipalización da ORA, pero que pensabamos que se podía dar un paso máis ambicioso, aínda máis ousado e atrevido, que lle falta a este goberno.

Por exemplo?

Pois que houberse un modelo de aparcadoiro rotatorio totalmente gratuito sen pagar pola ORA. Entón, insisto, man aberta, diálogo e apostar sempre por políticas transformadoras para o Concello.

Existen outros puntos que desde un punto de vista programático sería necesario abordar para o BNG?

Estamos iniciando o proceso para elaborar e redactar os programas e as ideas forza que queremos transmitir ao conxunto da cidadanía. Tamén queremos contrastar todo iso con colectivos, con persoas e asociacións dos diferentes sectores que son os que coñecen máis a realidade. De maneira fundamental parécenos que temos que conseguir unha política que democratice os espazos, conseguindo que se vexa ás persoas son o centro. Tamén é precisa unha política urbanística, cultural e feminista transversal, onde poñamos unha relación de prioridades. As persoas que van a pé son as que deben estar no centro de todo, as que usan o transporte colectivo e as que teñen que facer conciliación, por tanto temos unha serie de potencialidades de Santiago para aproveitar pero facendo unha política integradora. Esa idea debe romper coa visión do Santiago para os turistas e o da veciñanza. Temos que ser capaces de facer unha Zona vella para a xente que vive en Santiago poida vivir nesa zona vella ou facer vida nela. Por outra parte, que as persoas visitantes saiban que Santiago é máis ca unha catedral e dúas rúas. É un debate necesario facer unha cidade máis accesible onde non haxa problemas para persoas con diversidade funcionais

distintas. Facer que o urbano non viva de costas ao rural. Historicamente as marxes entre urbano e rural santiagués sempre estiveron desdubuxadas pero nos últimos anos houbo máis barreiras entre os dous aspectos. Necesitamos que haxa moito máis atrevemento e máis ambición para que Santiago sexa un referente nas políticas de vangarda que se fagan e haxa unha aposta polo que se faga no tecido social. Hai moitas cuestións sobre infraestruturas tan importantes para a cidade e onde temos que conseguir unha negociación moito mellor tanto no tema da depuradora, da intermodal e como conseguir a humanización da rotonda de Conxo. Tamén hai cuestións na cidade dependentes doutras administracións onde a posición do goberno local debe ser unha posición de forza, convencemento e dar o mellor posible para a cidadanía.

Como ve a lexislatura que rematará no 2019?

Pois a verdade, foi un mandado con boas intencións e bos proxectos sen levar adiante, sen executar e sen capacidade de xestionar. Entendemos que foi unha lexislatura ao noso ver bastante perdida. É certo que se recuperou unha normalidade institucional, pero iso non chega, non hai proxectos que digas “en que cambiou Santiago nestes tres anos?” Os proxectos que se executaron viñan de etapas anteriores. Non hai nada que leve un carimbo que se diga “en que mudou?” Falaba antes da ORA, que muda se cobra unha empresa ou outro? Que pasaría se imos a outro sistema de mobilidade sen ese sistema de ORA. Entendemos pois que foi un mandato onde faltou equipo e planificación. Hai moitos problemas coa xestión do día a día, o que fai que a xente viva mellor. Entendendo que hai unha parte positiva e boas intencións pero non se plasmaron. Aprobamos os orzamentos pero puxemos sobre a mesa que fose a cambio dun programa de aparcadoiros disuasorios, pero o que se fixo foi un anteprojecto de aparcadoiro disuasorio. Entendemos entón que para unha parte



importante da poboación, este goberno foi unha decepción.

Ideoloxicamente botou algo en falta nesta lexislatura?

Todas as cuestións que se fagan desde unha perspectiva técnica teñen a súa contrapartida ideolóxica. Moitas cuestións relacionadas coa recuperación da memoria histórica que poderían estar en primeiro plano, o mesmo que mirar a cidade desde nós mesmas, poñendo en valor Santiago como capital do país, pero tamén capital do nacionalismo galego, das vangardas, da recuperación da loita democrática e penso que queda un capítulo pendente neste punto que é relevante. Ás veces as políticas poden ser en plan simbólico, pero máis ca iso necesitamos actuacións contundentes.

Compostela estaría preparada para o Xacobeo 2021 ou cales son os grandes retos que non se abordaron?

Desde o BNG non somos de grandes fastos onde gastes todo nun día ou nun ano. Temos que estar preparados no día a día e o importante é que haxa cultura visible para todos, e esa cultura sexa coñecido polos visitantes ademais, e fundamentalmente polos veciños e veciñas de Santiago. Debemos poñer en valor o rico patrimonio da cidade, concello e comarca, debemos facelo porque non estamos por xogar todas as cartas a unha xogada. As nosas propostas é algo para repartir ao longo do tempo. Por tanto, buscaríamos unhas liñas diferentes ás que marca o Consorcio da Cidade de Santiago onde haxa propostas que teñan a ver con edificación civil e non só relixiosa. Hai que insuflar orgullo de ser de Santiago.



Por: Guillermo Rodríguez

Director

Ordenando a miña alacena (IV)

Dende a última vez que estiven ordenando a miña alacena foron tantas cousas as que lle entraron de novo que non sei se darei feito en debullalas todas aínda que sexa cunha ordenación lixeira, sen profundizar.

O panorama político ten sufrido tales tormentas no último mes que calquera parecido co anterior é pura coincidencia. Partidos que estaban no curuto das vagas políticas hoxe loitan desesperadamente para non perder comba. Eran “o coco” e nestes momentos comprobamos como se están quedando fóra de xogo. Poida que de “tanto abarcar, pouco apreten”.

O partido Popular está pasando a súa proba do algodón. En poucos días veremos que dixeran os seus militantes (non aquel feixe deles que se dicía de máis de 800 mil). Deberán poñer enriba da mesa política popular aos dous/as candidatos/as que lle merezan máis confianza. Todos lle merecen pouca a vulgar polos que se anotaron para participar nestas primaria ad hoc que os populares se quitaron da manga. Aínda así, hai que recoñecer un lixeiro avance nos mecanismos de eleccións de candidatos a postos clave. O “dedazo” de Aznar xa foi ultrapasado, que dirían os nosos amigos portugueses. Rajoy, como bon galego, non quixo deixar delfín asignado; non fora que llelo esnaquizaran e logo lle botaran as culpas a el. Porque quen saía elixido ten un deserto político que cruzar dende a Oposición que non se parece en nada a estar no goberno.

O novo goberno, por outra banda, comezou forte. Uns cantos golpes de efecto e xa o vemos situado na grella de saída en varios foros internacionais. Aquel Pedro Sánchez do NO ES NO polo que nin os seus daban un pataco, estase a definir coma un experto nego-

ciador e, máis aínda, como un hábil político que xoga co sentido da responsabilidade dos demais. Un truco que pode darlle bos dividendos. O non ter suficientes actas no Congreso para poder presentarse como un serio candidato a gobernar o Estado con certa tranquilidade, esta a forzalo a sacar forzas da fraqueza e xogar atinadamente as súas poucas cartas.



Se consegue demostrar que aquela “súplica” de Rajoy tratando de convencernos que o problema eran os poucos cartos disponibles e se as súas ministras, todas elas expertas na materia, son quen de sacar euros debaixo das pedras (que, por outra banda, non hai máis que erguelas) será quen de presentarse dentro de dous anos coma un firme candidato a revalidar o cargo de Presidente do Goberno. Cartos hainos, iso está comprobado, o que faltou ata agora foi vontade de meter man (no bo sentido da expresión) alí onde están agochados e sacalos á luz. Conseguido isto, temos Pedro Sánchez para moito tempo.

O mar Mediterráneo que todos estudiamos coma aquela autoestrada pola que nos chegou a civilización grega e

romana, o comercio fenicio e o pensamento filosófico, é hoxe unha triste cova que traga vidas humanas un día si e outro tamén. Europa que naceu para apazugar as ansias de imperialismo dos países que a conforman e de loitar contra os que ousaran atacala fora cal fora o método empregado, hoxe estase quedando nun triste Patio de Monipodio no que se discute se debemos dar de

como cada quen busca os seus propios controles. Ninguén está disposto a renunciar a dispoñer nas pantallas e nos micros, tropa amiga que lles defenda os seus intereses de partido e de camada. Uns queren facer valer os seus escanos, outros chantaxean para conseguir liberarse da tutela do Estado Central e facer a súa propia guerra. Temos que ser decisivos á hora de nomear un novo equipo de homes e mulleres ceibes que nos poidan ofrecer unha información sen tutelas nin manipulacións. Nunca mellor que agora se cumpre aquilo de “información é poder”.

Veremos en que remata a festa. Se desta non nos liberamos das manipulacións dos partidos e dos grupos de poder que están detrás agochados pero prestos a lanzarse sobre a pobre vítima que somos todos nós, é mellor emigrar ao Polo Norte. Alí, de momento, aínda non están contaminados informativamente falando. Claro que tampouco lles falta moito para ser outras vítimas coma nós.

Logo láianse de que aparecen populistas que manipulan os cidadáns meténdolles medo no corpo de posibles pragas sociais que están aí ás portas para asulagarnos na miseria. Eles, os actais controladores da información, son exactamente iguais. A diferenza está en que xa teñen controlado a mesa de xogo e non permiten, ou non queren permitir, que outros xogadores lles ocupen o sitio. Entre populistas e alienadores sociais non sei cal dos dous será mellor. Todos van rematar igual. Todos son émulo do Gran Irmán que está anunciado anos ha e que xa está aterrando a fume de carozo nas nosas mentes que lle serven de campo de aterrxaxe.

Sexan felices, se poden.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnez. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PORTUGAL: Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – João Martinho.

MADRID: –Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.


CANARIAS: Fco. Puñal.

NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (Koki)

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015



Apertura do Pórtico da Gloria trala súa restauración

O alcalde, Martiño Noriega, asistiu o pasado día 2 á inauguración do Pórtico da Gloria, despois do proxecto de conservación e restauración ao que foi sometido dende o ano 2009. O acto estivo presidido pola raíña Dona Sofía.

O director da Fundación Catedral, Daniel Lorenzo, foi o encargado de explicar o proxecto de restauración, antes de que Dona Sofía descubriera unha placa conmemorativa. No acto tamén participaron a presidenta do Congreso, Ana Pastor; o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo; o ministro de Cultura e Deporte, José Guirao; o presidente do Parlamento Galego, Miguel Ángel Santalices; o delegado do Goberno en Galicia, Javier Losada; o arcebispo de Santiago, Julián Barrio; e o presidente da Fundación Barrié, José María Arias.

A restauración do Pórtico da Gloria comezou cos estudos elaborados no ano 2009. A obra do Mestre Mateo estaba nunha situación crítica, con constantes desprendementos de material e complexos mecanismos físico-químicos de degradación dos materiais. Nas obras investíronse 6,2 millóns de euros, e a restauración do Pórtico da Gloria foi posible grazas ao mecenado da Fundación Barrié.

Programa de visitas

Unha vez finalizados os traballos de restauración do Pórtico da Gloria, chega o momento de transmitir o que supuxo este gran proxecto de recuperación. Desde o Cabildo da Catedral de Santiago, xunto coa Fundación Catedral e o seu Museo, elaborouse un plan de ordenación de visitas que permita acceder ao espazo e garanta, á vez, a aplicación das necesarias medidas de conservación preventiva que protexan ao monumento e impidan

unha nova deterioración. Estas medidas son, principalmente, o mantemento dunhas condicións ambientais estables e a regulación dos fluxos de visitas, que eviten a súa alteración e os riscos físicos derivados da acción humana.

Con ese propósito expónse dúas fases de visitas provisionais, condicionadas polas actuacións de restauración que se acometerán no interior da Catedral, que se prolongarán ata as portas do próximo Ano Santo 2021 e que obrigarán a “encapsular” o Pórtico da Gloria, no outono de 2018, para evitar filtracións de po que afecten á obra.

A primeira fase, que durará ata que se realicen este “encapsulamiento”, consistirá nunhas visitas áxiles, que permitan o acceso ao maior número de persoas, sen desatender as esixencias de conservación. Estas visitas serán gratuítas, en grupos de 25 persoas como máximo, que realizarán o acceso desde a praza do Obradoiro, a través da escalinata monumental, por rigorosa orde de chegada, sen posibilidade de reserva previa. Este percorrido vai ofrecer a oportunidade de volver utilizar o espazo monumental da escaleira da fachada do Obradoiro e da súa terraza superior, redescubriendo a ampla perspectiva sobre a praza do Obradoiro. Antes de entrar no espazo do Pórtico da Gloria o grupo poderá ver unha proxección sobre a súa arte, historia e restauración. Unha vez no interior o grupo poderá permanecer un máximo de 15 minutos.

As visitas desenvolveranse cun amplo horario de acceso, entre as 8:00 h e as 22:00 h, para poder atender ao maior número de persoas posible, aínda que se verán interrompidas durante os actos litúrxicos que se celebren na basílica. Estas visitas poderán realizarse a par-



tir de finais do mes de xullo (previsión, día 27), unha vez terminados os traballos de restauración da terraza de acceso e os labores de adecuación a visitas do espazo do Pórtico. Programa que será posible afrontar grazas á colaboración de Turismo de Galicia, pois demandará a presenza dun amplo equipo humano e técnico para a súa implantación.

En determinadas circunstancias, e por motivos de conservación derivados de variacións climáticas, principalmente relacionadas coa presenza de altos niveis de humidade ou exceso de calor, o Pórtico da Gloria non poderá abrirse ás visitas. Serán os responsables de mantemento da Catedral os que determinen esa medida, da que se informará previamente.

A segunda fase levará a efecto desde que se produza o encapsulamiento do Pórtico, previsto para o próximo outono. Neste momento, e á espera de avaliar con criterios de rigor técnico as concrecións desta fase, está a redactarse o modelo para implantar que, en todo caso, permitirá continuar coas visitas ordenadas coas concrecións que se especificarán en canto estean suficientemente testadas.



Opinión

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

A solución federal

O Estado autonómico está esgotado pola continua recentralización dos últimos dezoito anos, agravada pola implosión do 155. Precisamos dunha solución federal, máis na liña da pluralidade e asimetría, canadiana, australiana, suíza ou USA ca na liña do federalismo cooperativo alemán.

Esta solución federal ten de acoller a plurinacionalidade española, a mesma que recoñecen teóricamente, en maior ou menor grao, os 180 deputados que investiron Pedro Sánchez. O que implica a súa esencial asimetría e a introdución na gobernanza española de elementos

confederais, de áreas absolutamente exentas da máis lene intervención do Estado central. Estas áreas han ser as políticas lingüísticas (para garantirmos a igualdade real do galego, catalán e euskera co castelán que hoxe non existe), culturais e educativas, o Dereito Civil e máis a organización territorial e réxime local.

Nas políticas económicas e sociais as Administracións hoxe autonómicas e as locais han monopolizar a xestión e a execución, constituíndo a Administración única. No caso de Galicia é esencial o traspaso dos portos e aeroportos hoxe de interese xeral, das au-

toestradas AP-9 e AP-53 e da rede viaria e ferroviaria toda. O Estado ha de se centrar só en determinadas políticas comúns, resignando progresivamente as de defensa e diplomáticas na Unión Europea.

Este federalismo ha ser competitivo. A progresiva transferencia da recadación fiscal é inevitábel O Estado habería garantir a nivelación básica dos distintos servizos, mais o autogoberno dos distintos territorio sería real e súa a decisión dos servizos que escollen para dotarlles dunha calidade superior á media. A concorrência entre territorios haberá minorar a tendencia á recentralización económica que levou á comunidade autónoma de Madrid a un PIB do 139% estatal dende un

113% no 1980, amosando o fracaso redistributivo do Estado autonómico.

É verdade que a maioría absoluta do PP no Senado e máis a oposición do deep state que vertebra a Coroa e inspira o capitalismo castizo do BOE dos sectores regulados do IBEX 35 dificultan moi grandemente esta precisa evolución xurídico-política. Mais o mero feito de prantexarmos e debatermos esta caste de solucións no canto das choromicadas dependentistas do PPdG ou dos extremismos neocentralistas de Vox ou Ciudadanos suporá xa un avance.



Monarquía e Deep State

O Deep State describe o miolo decisional dunha sociedade política. Un núcleo de poder que tende a remanecer impermeábel ás remudas de gobernos e maiorías parlamentarias. Ao dicir da intuición popular (e de non poucos analistas sociais e políticos) os que mandan de verdade.

Os Borbóns, devanceiros directos do actual e pasado Xefes do Estado, reinaron ininterrompidamente sobre os territorios do Estado español dende primeiros do século XVIII, de non ser os tempos das dúas Repúblicas e da ditadura franquista. O primeiro Borbón que sofriamos introduciu o absolutismo do seu avó, Louis XIV de Francia e

suprimiu a ferro e lume, por mór dun suposto dereito de conquista, as institucións políticas de autogoberno do País Valencià, Aragón, Catalunya e les Illes. No século XIX a monarquía borbónica suprimiu as liberdades forais de Euskadi e Navarra, mentres substituían a limitada personificación representativa e gobernativa do País como Reino de Galicia pola máis absurda e xacobina centralización, partíndoo en catro cachos provinciais.

Os Borbóns impuxeron unha centralización desaquelada que proscribiu do ensino todas as linguas peninsulares distintas do castelán. Mais a súa centralización foi tamén económica, constituíndose unha oligarquía próxima

ao Poder real que foi a que enfrontaría dende concesións e monopolios os grandes plans de estradas e ferrocarrís, sempre radiais con centro en Madrid, dende o XVIII e XIX até Primo de Rivera e Franco.

A cristalización do Deep State económico español ten moito a ver coa estruturación dun potente lobby construtor-concesional entre 1965 e 1995

e coas privatizacións de grandes paquetes accionariais da banca e da distribución eléctrica nos tempos do aznarato, que lle deron ao Ibex 35 a

súa fasquía actual.

Este Deep State económico baséase nas vantaxes regulatorias e nunca na libre concorrência, que sempre tenta evitar. Hoxe, ademais,

estende o seu control sobre os grandes grupos mediáticos de Madrid e coordina os seus intereses coa elite funcional estatal.

Cando Filipe VI falou o 3-0 como un líder de

parte ratificou a existencia e plena funcionalidade deste Deep State, do que a Coroa constitúe a súa institucionalización permanente.



Por Jesús Témez Fernández

Egos de hoxe en día

Tras o exitazo como club do Real Madrid ao conseguir tres campion consecutivos e ao mesmo tempo pasar á historia sendo o único club que consegue nun mesmo ano ser o mellor nas dúas disciplinas reinas do deporte europeo, fútbol e baloncesto, por esta orde, houbo un feito que ensombrecceu tal fazaña. A declaración de Cristiano Ronaldo facendo ver que o seu futuro estaba máis fora que

dentro do club. Iso fixo que de forma automática todo o interese mediático recaese sobre a megaestrella e eclipsase o triunfo e fazaña colectiva do club como institución. Todo isto vén a colación da significación tan elevada que alcanzou o individualismo na posmodernidad ata transformarse nunha sorte de narcisismo demandado e normalizado pola sociedade de masas actual. O triunfo liberal na gue-

rra fría orixinou que a significación do colectivo e público que ata ese momento era un activo coidado e arrombado por Occidente decaese e pasase a ser unha sorte de anacronismo fútil e desvalorizado onde o único realmente importante é o individuo e a súa aspiracións persoais en forma de consecucións materiais e crematísticas. O de Ronaldo é un botón de mostra máis de cómo esta sociedade cos seus medios de comunicación de masas á cabeza xera iconas imbuídas de narcisismo que representan como ninguén estes valores decadentes e pouco alec-

cionadores para a mocidade e chabalada que crece vendo a estes subproductos pops como referentes das súas vidas.

Como afeccionado do Madrid que son espero que o club non renove a un tipo que representa como ninguén esta forma de comportamento tan obscuro e pouco decoroso e que tan mal identifica os valores dun club que pretende seguir sendo modelo e exemplo universal.



Por Avelino Jácome

Con toda a educación, dígovos un par de veces amén

Non vou falar de nada, non quero comprometerme, non quero falar da xustiza que sempre se ceba nos pobres. Non quero falar dos caciques que seguen colocando aos seus, hoxe quero ser moi prudente e dicir a todo “amén”. Se a xente dorme fóra, ao acolleito debaixo das pontes, se o frío de febreiro lles fai doer os osos, amén sexa dito! Non importa que morra algún meniño de frío, sempre haberá algún cura que rece despois por él, sempre haberá unha vella que diga “miña xoia” namentres outra rebusca no basureiro do Couto as sobras do supermercado que especula ca súa fame. Eu vereino caladiño dende a fiestra, mirarei para outro lado, para as campás de Fátima, qué bonito campanario e que ben iluminado! Nin tan sequera vou abrir un

anaquiño a boca para dicir que a banca roubou os aforros dos nosos vellos, que os enganaron, que mentiron sen com- paixón como lobos que famentos pillan os anos soños no prado e esnaquízanos a dentadas, caladiño vou quedar non sexa que por casualidade tamén se metan conmigo.

A lingua ben atadiña, mordereina por se acaso, non saía algo dela que poida escoitar quen manda, que non lle pareza ben que se fale destas cousas, ficarei mudo sen máis e non falarei dos mortos, dos que soterraron en buracos por pensar doutro xeito, e que lle negan aos seus aínda o dereito a enterralos con dignidade, non soltarei nin un chío, mellor é sempre calar que para iso son galego, caladiño gañase máis, sempre caladiños. Ata para pensar un pouco vouno facer baixiño, non falarei

do leite que con monopolios e apaños lle expolían aos gandeiros nin cavilarei tampouco na esmola que lles dan os que traballan no agro, nin do prezo das patacas, nin das fabas, nin da carne dos xatos, e que despois se revenden como ouro nos mercados; comerei as miñas verbas e ficarei caladiño.

Non coido falar tampouco do traballo que non teñen os mozos tan preparados, de ver cómo marchan para poder atopar lonxe o que lle negan no súa terra, mentres os que nos gobernan rouban “a mans cheas”, pero ficarei ben calado para estar a ben con todos, hai que ser ben educado e isto nin se nomea entre cabaleiros, non sexa que “alguén” se enfade. Qué pensaría a xente se un non queda calado! Xa volo digo agora que penso non meterme en nada, de política tampouco, non se me escapa nada; en boca cerrada non entra nin moscas nin outra cousa; non falarei do noxo que me produce ver como enganan e fan falcatuadas. Aqueles que deberían defender as oveliñas chúpalle o sangue e rinse como alimañas, primeiro desa-

fiúazonos e despois volven venderlle aquilo que lle roubaron. Pero vouno decir baixiño ou mellor non digo nada, a mellor

verba é a que está por dicir, non sexa que os “gerifaltes” digan que me pasei da raia, e pónanme unha mordaza a min que non digo nada.

Para rematar vou dicir o que xa tiña pensado: os bos gobernantes que temos e o seguros que estamos, o ben que os nosos dereitos son por todos respectados, como non se deixa que pase necesidade ninguén, como as leis son para todos e non se abusa dos pobres. Como vos dixen só se pode bendicir, perdoade se ofendín, por se acaso falei mal, pero estas son as “Andromenas e outros contos” que eu escribo. E se meu pai non morrera habíame de dicir: “así me gusta, chiquito, que lle digas con toda a educación, un par de veces amén!”.



Por Amador Rego Villar-Amor

A desigual xustiza

Axustiza nunca foi igual para todos, non o é e non o será nunca, así de claro. Acabamos de coñecer a sentenza do sr. Urdangarín despois dun longo proceso cunha condena de 70 meses de prisión. Non poño en dúbida a súa culpabilidade e que a sentenza non sexa xusta, pero claro á vista disto óense voces de todo signo dicindo que a xustiza é igual para todos, algo que non comparto en absoluto, nunca o foi.

Esperei tempo a que Emilio Botín que estaba condenado pola xuíza Teresa Palacios Criado pola fraude fiscal das curmáns únicas e a cesión de créditos, por unhas cantidades de centos de millóns de euros e todo o proceso vaise dilatando ata que o 9 de setembro de 2007, Jose Luís Rodríguez Zapatero entrevistase con Botín na Cidade Santander, e logo aos 105 días sae unha sentenza do Tribunal Supremo, que senta xurisprudencia como a Doutrina Botín, sentencia esta contra o criterio de cinco maxistrados que manifestan moi duramente a súa desconformidade

ao mal precedente. Curiosamente deste proceso fora relator Enrique Bacigalupo Zapater, un arxentino que tomou en 1995 o asunto de financiamento irregular Filesa, despois de deixar este caso o xuíz Mariño Barbeiro Santos, ao que lle facían a vida imposible o partido do goberno de entón que era o goberno socialista, que ademais pide amparo ao Consello do Poder Xudicial e négaselle, Consello que presidía Pascual Salga Sánchez, que logo permite desde o seu tribunal a entrada de Eta e as súas secuaces no Congreso.

Cito algúns casos máis. Alfredo Saez Abad págalle ao xuíz Luís Pascual Estevill en 1994 sendo Saez o replotador de Banesto, algo que xa flotaba, e que utilizando de forma fraudulenta a xustiza mete na cárcel a catro clientes, que estes a o saír van contra Saez, o xuíz do xulgado número 20 de Barcelona causa 3266/95 que pide 7 anos de cárcel, forte multa e inhabilitado para exercer calquera posto directivo en banca. Pois non, segue no seu posto ata novembro de 2011, e cun

governó en funcións concédelle o indulto, contra o criterio do tribunal Supremo. O xuíz Estevill é expulsado da carreira. O avogado de Saez Abad é Rafael Jiménez de Parga.

Temos o caso de Caixa Castela - A Mancha, cun buraco de 9 mil millóns de euros, e que por única vez na democracia se reúne o goberno un domingo 30 de marzo de 2009, pola tarde, para estudar a súa intervención. O presidente Juan Pedro Hernández Moltó é xulgado: Póñenlle unha multa de 30 mil euros, unha condena de dous anos e como non ten antecedentes non ingresa en prisión. Esa comunidade entón estaba presidida por José Bono Martínez.

Un caso similar témolo en Caixa Cataluña con Narciso Serra Serra, que deixa un faltante de 720 millóns de euros e un buraco na caixa de 12 mil millóns de euros, e de momento, non foi procesado e dubido que poida entrar no cárcere.

O caso sanguento dos Albertos que lle secuestraron aos seus socios 25 millóns de euros e de momento despois de máis de 20 anos non entraron en prisión e dubido moito que vaian entrar, que son ademais condenados polo Tri-

bunal Supremo.

Para terminar, o maior escándalo de toda a historia da Xustiza española temos o caso de Jorge Pujol Roscasolano que deixa un buraco de 1800 millóns de euros en 1983, no caso de Banca Catalá. Logo crean un tribunal superior de Xustiza en Barcelona e contra o criterio de seis maxistrados é indultado aos tres anos. Desde entón non deixou de facer fechorías o e a súa familia, e aínda atreveuse ameazar ao executivo dicindo que se lle pasa algo, que pode caer todo o sistema, e así estamos. O de Banca Catalá ocorre aos seis meses de gañar as eleccións o partido socialista coa máis que ampla maioría de 202 deputados e non necesitado de Pujol ata 1993 que non saca a maioría suficientes.

Por todo o devandito e mais do dobre que me queda por dicir, a xustiza non é igual. Por tanto na miña opinión o 70% da poboación recluída hai que poñela na rúa, así de claro. Ao pobre aplícaselle a xustiza e ao rico lla interpretan.



Opinión

■ Por Gonzalo Pérez Jácome

A viaxe do alcalde de Ourense a China

O alcalde Jesús Vázquez volveu de China onde viaxou supostamente para promocionar turisticamente Ourense. Vállame Deus, debe ser que o ámbito nacional e europeo quedanos pequeno, así que agora imos conquistar Asia.

O caso é que participou nun foro internacional de alcaldes de turismo, facendo gala como é habitual de ser un selecto invitado ao “maior’s fórum on tourism” cando en realidade foron todos os alcaldes que quixeron, incluído o de Sanxenxo que o menciona ao seu regreso como algo rutineiro. O obxectivo era intercambiar sobre prácticas turísticas que se desenvolven en ambos os países e tentar promo-

cionar a cidade.

A Democracia Ourenzá chámalle poderosamente a atención a vaidade do alcalde que pretende que creamos que foi convidado polo moito que ten achegar no fomento turístico de Ourense. Non é capaz de xestionar a cidade, de dar servizos de calidade e facela cómoda, e atractiva aos ourensáns e pretende dar leccións aos chineses sobre turismo. Preguntámonos se os seus ensinamentos van dirixidos a cómo se paraliza unha cidade, a exhibir o noso patrimonio de desfeitos e contedores de lixo soterrados estragados e cooperar estratexicamente cos chineses na inexistente cafetería da zona termal. Cómo vai cativar aos operadores turís-

ticos co abandono que presentan as rúas e o furado e embarrado parking de acceso ás termas?. Para DO a viaxe do alcalde é unha tomadura de pelo e unha mostra máis da súa irresponsabilidade e ineptitude.

O turismo só se se xestiona ben, proporciona un impulso económico, ao xerar novos empregos, ingresos, desenvolvemento do lugar, grazas á demanda de aloxamento, restauración e servizos dos turistas que deixan o seu diñeiro. Noutro caso non hai unha soa vantaxe, só inconvintes.

O alcalde xestíao tan ben que ante unha oportunidade de ingresos pola chegada duns peregrinos, ocórreselle a primeira medida fascinante: cederlles as instalacións gratuitamente. Así na próxima chegada de peregrinos os días 8 ao 16 de xullo, e 20,21 e 22 agosto, pretende cederlles, sen custo algún, o pavillón po-

lideportivo de Oira baixo o argumento de que é unha actividade promovida pola Concellería de Turismo e Termalismo.

Ou sexa, xa hai pouco turismo en Ourense, non temos orzamentos, somos a cidade máis empobrecida, para encima, facernos a nós sufragar todos os gastos de quen está de lecer. Non só non se axuda á hostalería, restauración, e comercios, senón que o turismo só traerá desvantaxes e inconvenientes para a cidade (xerando novas necesidades, incremento de lixo, contaminación e danos) e que seremos nós os que o sufriremos.

Iso foi o que aprendeu en China?. Eses foron os consellos que deu? O que nos faltaba!



■ Por Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero

Autocrítica?

Que non, que aínda non nos entenden. Ou non queren. A ver, non é que sexamos plurais e debamos comprendernos entre todos nós, aceptando a pluralidade e callando. Tamén hai que saber que esa é a nosa grandeza, está na diversidade, é a entidade imprescindible que dá enerxía para resistir no mundo. Sei que non sería nada do que son, nin estaría reconfortado coa miña orixe se non fose chairego e polo tanto galego, se tivera outro código de expresión natural distinto a este, se tivese outra paisaxe gravada na alma carente do verde desigual e melancólico que me envolve coa terra e me mantén na súa lentura fértil. Seguen sen querer entender que a súa condescendencia de submisión non é liberdade, non permite o exercicio de nós, do que somos. Que sempre resultamos estar secundados polo que dispoñen. Que non chega con que nos concedan o don de expresarnos no brevísimo 30% sendo xa moi xenerosos- na escola. Esa actitude de concesión servil, oféndenos e supón unha interpretación inxusta, unha invasión á nosa propiedade, que só ten un único autogoberno digno: nós. Non somos dependentes das

súas decisións que desde lonxe conculcan os dereitos nosos, que quere-mos ser quen somos, a pesar de nos ter furtada a vontade de querernos a nós mesmos. Iso non se esquece nin se tapa con séculos de mentiras e de humillacións. Todo isto xurdirá de novo en nós, desconformes, que sabemos que a democracia e a liberdade son outra cousa que nunca sequera adiviñaron e que lles impide vernos. Nótase tamén nestes novos que colleron as administracións do estado a partir dunha moción de censura. Non nos nomearon como nación, canda as outras. Rexémonos, aínda, co atado e ben atado. Por códigos e comportamentosseudoditatoriais que nada teñen que ver coa conciliación, coa reparación. Temos aínda moitos mortos nas cunetas e miles de fantasmas presidindo entidades públicas e preferentes do país. O da xustiza é unha vergoña na que exercen herdeiros do mal e exaltan aquela vergoña, mentres por outro lado non aplican nin fan cumprir a lei consigo mesmo, ou a vella Lei da Memoria Histórica que só tenta devolver algo de dignidade e certa rectificación satisfeita. Son moitos os corifeos que lles dan voz á banca,

patronal, medios de comunicación, tiralevitas e aduladores de turno e todos aqueles aos que colocan aos fillos por vía de apremo para que perdone a obediencia debida e sigamos servidores da causa que, a eles, os mantén no poleiro. Poucos son os que se rebelan e se volven contestadores deste enramado que nos confunde. Debemos superar as eivas que son moi inxustas, constatadas nos “sagrados” libros que fundamentan esta decadencia. É un deber loitar contra aquelas leis inxustas que nos condicionan, que reparten mal, que priman aos ladróns, que castigan a honestidade, que dan preferencias aos de turno, que fan valer a impunidad e a imposibilidade de sermos atendidos. Males que veñen da imposible independencia de poderes. Nótaselles a mentira. Vese como manipulan e encobren coa escusa. Tardan en explicar, empregan retorcidas formas de expresión, menten con arrogancia, conculcan dereitos en beneficio dos que espoliaron. É a corrupción no poder, e todos sabemos que a precariedade que provocan, empobrecenos a todos. Non imos cara a onde deberamos, os horizontes teñen un porvir hipotecado, así nolo deixaron. As arcas do estado están baleiras a pesar de enchernos de cargas e impostos. Non quedan fondos

para os servizos públicos e sociais máis básicos. Privatizaron o rendible. Estamos a anos luz da modernidade, do sosego. Carecendesa intuición sabia que conduce á solución dos problemas e a esperanza de seguir. Non concilian vontades con solucións acordadas e acordes a cada momento. Fáltales o don de aglutinar e, mesmo, ser simpáticos, desprendidos e bos. Viven outra realidade que non é a nosa. Por iso non lembran de nós. Agora tampouco. Resolven con decretos, quizais desde a ameaza. Derivarán solucións de confrontación comparativa, esas que agrandan diverxencias. Seguen os presos no cárcere, os nosos, aqueles que defenderon outro modo de ver as cousas. Fixérono sen probas, sen consenso xurídico, con xustizas paralelas e moitas veces contraditorias. Quizais non son dignos do pobo que din representar. Quizais non merezamos un minuto máis dos seus feitos e discursos escusados, e que nos deixan neste estado de negación que nos afoga. Quen fará autocrítica? Sen ela, non haberá recondución nin solución dos problemas. De momento, empezaron por omitirnos! Mal asunto.



Por Nemesio Barxa

Diálogo: vai ser conversa ou parlamento?

Vem a conto a pergunta porque Pedro Sánchez no seu discurso de asalto ao poder falou de diálogo e nas primeiras deciss3es parecem anunciar conversa (falar uma pessoa com outra alternando os turnos de palavra) mais que parlamento (discutir sobre um assunto ou sobre um problema com a intenc33o de chegar a um acordo ou atopar soluç33o), nas suas duas acepç33es. E esto me preocupa.

Lamentavelmente o diálogo de que se fala, e no que particulamente me interesa como nacionalista, vem ofrecido a dous interlocutores: govern catal33o e governo vasco, povo de Catalunya e povo de Euskalerrria, representados polos sus respectivos partidos maioritaios nacionalistas. Galiza fica fora dos projectos do PSOE, de Podemos, de EU, das Mareas, como ficou fora da política do PP (só para tirar réditos) e acosada polo C's. Mas do diálogo, segundo como seja e do que de positivo se tire, poderá nascer alg33m tipo de esperanç33a para este colonizado pa33s nosso. Por isso me sinto interessado polo anunciado diálogo e expectante, ja desde o inicio, dos sinais que mande para pescudar o que se pode agardar.

Sem fe nem esperanç33a analizo os primeiros sinos. Não em relaç33o com nossa patria, que para os acordos do estado espanhol é de total irrelevancia, sen33o com as mensagens que manda aos que de verdade contam, que evidentemente s33o Catalunya e Euskadi. As mensagens não podem ser mais claras e desesperanzadoras ja que previsivelmente o diálogo se adia a depois do ver33o, ainda que se insista na sua necessidade, e o achegamento dos presos é uma pataca quente que se lanzan entre o novo ministro de Interior e o Julgado, se bem ultimamente o juiz Llarena devolveuna definitivamente ao Ministerio de Interior ao afirmar que não tem compet33ncias para mudar a priss33es de Catalunya, que o competente é Institucions Penitenciarias, que dependem de Interior, polo que deixa sem excusa a Sánchez e a su ministro Marlaska. Sua resposta será sinal importante mas não definitiva.

O primeiro sinal na fronte de Catalunya, forte, preciso e palmario, e assim foi asumido polo proprio President

da Generalitat, é o nomeamento de José Borrell para o Ministerio de Exteriores. O anticatalanismo de Borrell ja vem de muito atrás, até o ponto de que numa oportunidade Puyol espetuolhe “vostede Borrell nasceu em Catalunya, mas catal33o não é” (vers33o catalana do dito por Castela33o que “ser galego é algo mais que nascer em Galiza”). Não discrepa do proces, ataca33o, agrede33o, descalifica33o e desacredita33o. Borrell considera que o problema de Espan33a é a unidade territorial, só lhe falta coinsiderala como unidade de destino universal (José Ant. Primo de Rivera dixit). Borrell segirá sendo, agora com mais alto rango, o que difame na UE especialmente o movimento nacionalista catal33o, a sua actividade e aos seus dirigentes e há defender toda a judializaç33o do proces, o mantemento dos presos políticos (nunca o escoitei opor-se a esta situaç33o como p.ej. fizo Iceta e outos mebros de PSC) e a aplicaç33o de novo do art. 155 CE se os politicos aceptam o mandato do povo catal33o de marchar cara a proclamaç33o da República. Certamente Borrell catal33o não é. Insultou aos nacionalistas decindo que habia que desinfectalos e ese insulto agrava-se com seu nomeamento para ministro. Vai tratar de desmontar no mundo o sentimento de simpatia que ganharon Puigdemont e resto dos ex-Consellers expatriados. Está claro que o govern da Generalitat acusou o golpe e laiousse.

O anterior sinal considereino como primeira mensagem negativa polo seu impacto, sua gravidade e seu claro significado. As que venhem seguidamente, sendo igualmente sinais com bofetada, para que não fique d33bida, ja não sei apreciar em que grado som umas mais manifestas que outras. Polo tanto a orde das pessoas que venhem seguidamente não é apodictico.

De Maxim Huerta, jornalista nomeado para Ministro de Cultura e Deportes só direi que detesta o deporte, segundo propria manifestaç33o por escrito, e que nas redes escreveu mensagens como o de “me cago en el put33o independentista”, alem de outros de car33cter xen33ofobo e racista; ja vemos, que de culto (segundo se deduce da sua express33o) evidencia pouco e de deportista se exclue, é dos de “al enemigo

por el culo”, ainda que agora, na toma de pose, se defina como tolerante; digo eu, não é dialogante, é tolerante ou seja que simplesmente “tolera” que só pode facelo alg33m superior com outro inferior. Afortunadamente circunstancias muito diferentes propiciaron sua baixa como ministro (a verdade é que uma discrepancia com o criterio de Agencia Tributaria e levar seu criterio até o final, com resultados negativos, não parece que seja motivo bastante para o cese).

Fernando G-Marlaska, próximo ao PP, que assume a carteira tanto importante como a de Interior (toda a policia e corpos represivos) parece uma inc33gnita. Mas tampouco é nada tranquilizante pese a sua sona de pessoa seria; seu pasado o delata; suas intervenç33es na Audiencia Nacional contra o nacionalismo vasco sua indiferencia fronte às torturas, o procesamento a dous debuxantes de “El Jueves” por uma vinheta sexual dos principes, sua opini33o a favor de condear a membros do 15-M por um protesto... nos alerta de qual será sua postura fronte a todo nacionalismo e me preocupa e no que respecta a Galiza sua consideraç33o do nosso idioma, da nossa lingua, como dialecto. Com o PP, e a complicitade do PSOE, o estado espanhol invadiu policialmente Catalunya; não perdamos de vista que desplazado o PP continua o PSOE. Depois de traspasar-lhe o TS a competencia sobre o achegamento de presos políticos a priss33es catalanas o propio Roger Torrente reclamar do governo Espanhol que materialice o cambio de atitude que pregoa e Maragall (conseller de exteriores) denunciar o cinismo institucional do Estado nesta quest33o, veremos qual é a soluç33o.

Carmen Calvo, no Ministerio de Falcenda é outra advert33encia, defensora de modificar o Cupo Vasco e concretamente em Galiza podria intentar que desaparecesse a exenç33o do imposto de sucess33es para transmiss33es patrimoniais inferiores aos 400.000 €

Margarita Robles casi desterrada no Ministerio de Defensa, quando foi ela a que investigou todo o entramado dos Gal e parecia mas adequado o Ministerio do Interior. Tampouco é proclive aos movimentos nacionalistas.

Isabel Celaa para o Ministerio de Educaci33n e FP; ocupou cargos de relevo no Departamento de Educac33o, na Conselheria dos governos vascos do PSOE e com o governo de Patxi López “reorientou” a educaç33o e o ensino em

Euskadi, em detrimento da cultura e lingua proprias do pa33s. Na sua toma de pose considera “bem vindas as linguas auton33micas”, como se fosse convidados que se achegassem à privilegiada lingua superior que é o castelhano, lingua esta de dominaç33o como a definiu a Conseller de Cultura do Govern. Átame essa mosca polo rabo.

Carmen Calvo, Vicepresidente, foi a que negociou com o PP a aplicaç33o do artigo 155 da CE a Catalunya.

Nadia Calviño, nova Ministra de Economia, muito celebrado nomeamento pola Sra. Ana Botín, Presidente do Banco de Santander, beneficiaria de expoliarnos nossos títulos aos accionista do Banco Pastor com a colaboraç33o da Comiss33o europeia que propiciou ou polo menos abenzooou a compra do Popular por 1 € na sua qualidade de Directora G33eral do Budgest de Comiss33o Europeia.

Tal vez a recentemente designada Delegada do Governo em Catalunya, Teresa Cunillera, constitua um sinal mais alentador nesta imagem inicial, que no respecto aos direitos e arelas nacionais, nos está oferecendo o novo governo

Não semelha que com estes bimbios tenhamos muito mais que conversa fiada. De momento o TC ja desestimou o recurso de Puigdemont pola sua destituic33o e o juiz Llarena rejeita a recusac33o apresentada pola ex-presidente do Parlament. Menos mal que o Govern vai recuperar 16 das leis suspendidas polo TC.

Temos que resistir nesta nova travesia do deserto e temos que volcarnos numa informaç33o veraz e independente que leva a todos os galegos o conheizimento dos problemas e retos do pa33s, para concienciaranos em quales som as propostas que realmente temem como horizonte a defensa dos intereses e necessidades galegas. Botouse a andar a aventura de um jornal dairio em galego e desde Galiza, a sa33da do Diario Galego, que não só resulta fundamental porque se escreva em galego, sen33o tambem principalmente para facer chegar as novas de Galiza e em geral as que nos importam aos galegos desde Galiza, para recuperar informaç33o v33alida e fiavel e tomar deciss33es com conheizimento.

Quinta do Limoeiro, junho de 2.018.



Opinión

Por Carlos Méixome

Afonso, que Alfonso?

Cando non hai por que discutir, a xente inventa. Por exemplo, se o nome se escribe, en galego, con i grego ou non, cando esta letra, en galego, non existe, ou polo ordinal do nome duns reis que son persoas distintas e reis de sitios distintos. A isto os de Baiona téñenlle especial querenza.

Imos primeiro co numero do rei. O que lle concedeu carta de poboamento á vella vila de Erizana e lle cambiou o nome polo de Baiona, foi Afonso, rei de León e rei de Galicia (1188-1230), fillo de Fernando II, tamén rei de León e de Galicia (1157-1188) e neto de Afonso VII, rei de Galicia entre 1111 e 1126 e, dende esta data ata a súa morte en 1157, e tamén, por herdanza da súa nai a raíña Urraca, de Castela e Toledo. Cando xuntou todas as coroas sobre a súa testa foi coñecido como "O Emperador".

Afonso, o que bautizou Baiona, tiña un curmán, tamén rei, este de Castela e Toledo (1158-1214), chamado Alfonso, a quen os historiadores españois numeraron como sucesor parcial de Afonso O Emperador co número oitavo. Mais a orde numérica dos Afonsos viña dos reis de Galicia e non dos de Castela onde non houbera Afonso ningún ata o Emperador.

Á morte deste o imperio divídese, o reino de Castela para Sancho III e o de León e Galicia para Fernando II. O fillo deste, o noso Afonso, sería o VIII, pero este numeral outorgáronllo, como dixemos, ao seu curmán o rei de Castela. A cousa xa viña de lonxe, pois xa nas Sete partidas de Afonso X, aparece, o rei de León e Galicia, como IX, aínda que como Afonso e non como Alfonso.

Xa daquela o rei sabio tiña máis interese en outorgarse unha lexitimidade que o respecto escrupuloso pola veracidade histórica. Así que non pode haber discusión, Afonso VIII de León e Galicia foi quen mudou o nome de Erizana polo de Baiona; é o que, na historiografía española, numeran como IX.

Ora ben, se o que se pretende é afirmar a existencia continuada dunha realidade política identificada coa España actual e/ou negar a existencia histórica e secular do Reino de Galicia, non estamos máis que ante unha falsificación ideolóxica ou unha desinformación a mantenta.

Afonso reinou 42 anos. Naceu en Zamora o 15 de agosto de 1171; foi coroado o 22 de xaneiro de 1188 e faleceu en Sarria o 23 de setembro de 1230. Está soterrado no Panteón Real da catedral de Compostela á beira do seu pai, Fernando II, da súa avoa Berenguela e do seu bisavó Raimundo de Borgoña, pai de Afonso Raimundez, coñecido como Afonso VII "O Emperador". A súa nai, Urraca de Portugal, era filla do considerado primeiro rei de Portugal Afonso Henriquez.

Educado por Xoán Ares, protexido polos Traba e pola corte portuguesa onde residía a súa nai tras a anulación do matrimonio co seu pai, tivo moitos problemas tanto para asegurarse o trono, para resistir as presións de portugueses, casteláns e almohades, así como para recuperar un estado en bancarota. Estas dificultades foínas superando tanto con alianzas matrimoniais ou cos burgueses das cidades e unha política de repoboamento e consolidación das cidades portuarias da Coruña e Baiona.

En 1188, con 17 anos, ao pouco de ser coroado, convocou as Cortes en León, en Santo Isidoro, e recibiu o clero, con presenza do arcebispo compostelán Pedro Suárez de Deza, e a nobreza, pero tamén os representantes das cidades. Foron as primeiras Cortes representativas de Europa e do mundo. Poñéndose en plan esaxerado, as pri-

sentou un interdito e tiveron que separarse. Teresa ingresou non convento e foi santificada cincocentos anos despois.

Tentou arranxar as cousas co seu curmán Alfonso de Castela a través do matrimonio coa filla deste, Berenguela de Castela, curmá en segundo grao. O Papa Celestino III autorizou a unión, pero non o seu sucesor que pretendeu a anulación e, ao non conseguilo, puxo un interdito ameazando con declarar ilexítimos os cinco fillos do matrimonio. Este acabou por ser anulado e Berenguela foi para outro convento. No seu primeiro matrimonio tivera tres fillos, entre eles Sancha e Aldonza, coñecida como Dulce, que herdaron a coroa de León e Galicia. A oposición da nobreza e do clero forzou o pacto entre as dúas esposas, convertidas en monxas, quen acordaron a renuncia das raíñas e que a coroa pasase a Fernando, fillo da segunda esposa, e rei de Castela, que será coñecido como Fernando III O Santo.

A vida amorosa do rei Afonso VIII de León e Galicia debeu ser un sen vivir, non só polas dúas anulacións matrimoniais senón pola restra de fillos ilexítimos que deixou con diversas mulleres. Coñécese un fillo chamado Pedro Afonso de León, non se sabe o nome da nai. Con Inés Íñiguez de Mendoza tivo unha filla; con Aldonça Martínez de Siva, tres; coa nobre galega Estefanía Pérez de Faíam tivo un fillo; seica tivo outro fillo cunha salmantina chamada Maura. A relación máis duradeira, ata a morte en 1230, foi con Teresa Gil de Soverosa, unha nobre portuguesa, coa que tivo catro fillos. Os descendentes levaban como apelidos Afonso de León.



mitivas precursoras dun sistema parlamentario, uns anos antes que a famosa Carta Magna de Xoán Sen Terra. A Unesco recoñeceuno, en 2013, como o testemuño documental máis antigo do sistema parlamentario europeo.

As alianzas matrimoniais foron máis complexas. Primeiro casou, en Guimarões, coa súa curmá en primeiro grao Teresa de Portugal, filla do rei portugués Sancho I e de Dulce de Aragón. A parella eran netos de Afonso Henriquez. O Papa ameazou coa excomuñón, pre-

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·

· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·

Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA

Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

Por Xosé González Martínez. Prsidente do Foro E. Peinador

O Couto Mixto, unha república raiana esquecida

José Rodríguez Cruz é o autor dun novo libro publicado por Edicións Laiovento co seuxerente título de "Couto Mixto. Aspectos folclóricos". Nesta obra atopamos unha mancha de relatos que o autor foi recollendo da memoria dos veciños, porta por porta, daquelas aldeas nas que aínda aniña a conciencia de pertenza a un enclave territorial singular que hai 150 anos perdeu os privilexios en xuño de 1868, por mor do Tratado de Lindes entre España e Portugal, poñendo fin ás aspiracións portuguesas sobre o Couto Mixto, quedando este en territorio integrado na provincia de Ourense. A cambio, como nolo recorda o historiador e etnógrafo António Fontes, as aldeas galegas de Souteliño, Cambedo e Lamadarcos, pasaban a seren portuguesas.

Se vostede, amable lector ou lectora,

descoñecese a ubicación xeográfica e natureza de tal enclave histórico, ilustrámolos con algúns apuntamentos. Trátase de tres aldeas – Rubiás, Meaus, capital do comercio, e Santiago a capital relixiosa e política, cunha extensión de 2.695 hectáreas. Meaus pertence ao concello de Baltar, e as outras dúas a Calvos de Randín.

Gozaban os veciños daquel territorio dun réxime xurídico que os convertía de feito nun Estado, tal como foi nas súas orixes a actual Andorra. Entre os privilexios do Couto Mixto podemos citar: a) Dereito a escoller a nacionalidade o día da voda, brindando polos reis de España e Portugal; b) Dereito de asilo a reos da Xustiza con algunha excepción a prol dunha ou outra xurisdición nacional; c) Dereito a non pagaren tributos a España ou

Portugal, con excepción dunha alcabala ás casas de Bragança e Monterrei; e) Dereito a elixiren por sufraxio das cabezas de familia ao seu líder (xuíz) e os represantes das aldeas; f) Dereito a comerciaren con todo tipo de produtos, mesmo os estancos e armas de defensa ou caza; g) Dereito a non utilizar para os seus negocios impresos oficiais obrigatorios en España e Portugal, e h) Dereito dos mozos a non seren alistados nos exércitos portugueses ou españois.

Foi, como queda dito, a primeira democracia que en tempo das monarquías feudais elixía por sufraxio directo dos representantes das casas a quen os había gobernar (xuíz) polo tempo de tres anos. Os seus documentos gardábanse na arca das tres chaves que aínda se conserva.

Entre o Couto Mixto e a freguesía portuguesa de Tourém había un camiño neutral con todos os dereitos para as persoas, bens e mercadorías, chamado Camiño Privilexiado. Os que o transitaban non podían ser molestados polas auto-

ridades portuguesas ou españolas.

Un grupo de amigos, da man do historiador García Mañá, fomos ao rescate dunha memoria histórica antes de que o tempo a convertese en lenda por mor da desaparición dos derradeiros superviventes que tiñan coñecemento directo dun enclave territorial tan singular, que agora conta cun Centro de Interpretación merecente de ser coñecido.

A Asociación de Amigos do Couto Mixto celebra todos os anos en Santiago de Rubiás un acto de rememoración histórica o próximo día 7 de xullo ás 12:00 horas que este ano terá un programa excepcional, no que serán investidos como Xuices Honorarios dos presidentes das freguesías de Souteliño, Cambedo e Lamadarcos, unha representación teatral, "A historia do Couto Mixto" e a actuación da cantante Uxía, seguido dun xantar popular aberto a todos.



Asociación de Amigos do Couto Mixto. Acto de nomeamento dos xuices honorarios do Couto Mixto. 7 de xullo de 2018. Santiago de Rubiás.

Abogados Moreno

bsuarez@abogadosmoreno.es www.abogadosmoreno.es

986410949 (Vigo) - 986182122 (Salvaterra)

Calle Venezuela, 12, 1º E. Vigo.
Rúa Galicia, 5. Salvaterra de Miño.

Civil
Empresarial
Penal

nemesio.barxa@barxadvogados.gal www.barxadvogados.gal

Sam Donmigos, 39, 1ºB . 988 228 420 . Ourense

Praza da Princesa, 6, 1ºA . 986 432 680 . Vigo

Rúa de Ceuta, 60, 5ºda. . 351 220 020 58 . Porto

Galicia

Redacción A CORUÑA

Concedidas 217 novas parcelas e 24 meses de cultivo en ecohortas urbanas da Coruña

O 25 de xuño celebrouse o acto de concesión das 217 parcelas e 24 meses de cultivo nas ecohortas urbanas de Novo Mesoiro, Eirís e Agra do Orzán no que participaron o alcalde, Xulio Ferreiro, e a concelleira de Medio Ambiente, María García.

O rexedor quixo poñer en valor o potencial da Coruña "como entorno privilegiado para a agricultura ecolóxica", no que as ecohortas son "unha oportunidade para apostar pola soberanía alimentaria" e "espazos didácticos para os e as máis pequenas, as que

se lles ofrece un contacto coa agricultura". Ferreiro, que lembrou que os espazos de hortas urbanas foron decididos nun proceso participativo coa veciñanza, salientou que o Goberno local ten proxectadas novas parcelas en Oza e que traballa tamén en distintas iniciativas de agricultura ecolóxica no marco de proxectos europeos, como é o caso de Connecting Natura, que se desenvolve xunto a UDC, ou o programa de cooperación Urbact, no que A Coruña explora iniciativas de alimentación sustentable da man de Roma e Vilnius.

Por outro lado, a Concelaría de Medio Ambiente puxo en marcha un proceso gratuito de asesoramento para os e as usuarias das ecohortas. Unha das formacións específicas estará baseada na agricultura ecolóxica (con charlas en centros cívicos e actividades in situ nas propias hortas ao longo de todo o ano) e outra de acompañamento, para dotar a cada horta dunhas normas de funcionamento axeitadas de cara á creación de Consellos de Xestión destes espazos urbanos por parte das súas propias usuarias.


Comezan as obras do carril bici metropolitano, cun orzamento de 915.000 euros

O concelleiro de Mobilidade Sostible, Daniel Díaz Grandío, anunciou o comezo das obras de construción do carril bici metropolitano, que conectará A Mariña, desde o Teatro Colón, coa Pasaxe mediante unha rede ciclable especialmente segura e accesible e que non restará espazo ao tránsito peonil. Este tramo, duns cinco quilómetros, articulará un percorrido que discorrerá dende a avenida da Mariña á delegación do goberno (pasando polo Cantón Grande e Pequeno, Sánchez Bregua e o inicio de Linares Rivas); da de-

legación de goberno ao parque de San Diego (1.525 metros de percorrido que discorrerán pola praza de Ourense, Linares Rivas, intersección con Ramón y Cajal e AC-12 até o inicio do parque de San Diego) e San Diego a Ponte Pasaxe (cun tramo de 3.000 metros de percorrido dende Oza, pasando pola AC-12, Xubias de Arriba e AC-12 até a Pasaxe). Esta actuación, unida ao resto de tramos previstos derivarán nunha rede ciclables en toda a cidade que medrará en 8 quilómetros, accesible, segura para os e as ciclistas e que non restará espazo aos peóns.

GALICIA LATEXA CON FORZA DENTRO DE NÓS

o 25 de xullo é o día de festexar todo o que nos une.



25^{xullo}

ELIXE
GALICIA.

galicia
o bo camiño

XUNTA
DE GALICIA
xunta.gal

Centro Médico El Carmen pon en marcha a Unidade de Enfermidades Raras e Ultra Raras de Galicia

A Unidade Avanzada de Alta Especialización de Enfermidades Raras e Ultra Raras do hospital Centro Médico O Carmen nace co obxectivo de abordar de forma coordinada e organizada o diagnóstico clínico e xenético destas enfermidades. Está xestionada en colaboración coa asociación Anasbabi Ciliopatías, especializada en enfermidades raras e ultra raras, a cal achega un comité científico asesor e especialistas en diversas áreas clínicas de talla internacional que traballarán en coordinación cos profesionais do hospital Centro Médico O Carmen. O terceiro integrante da devandita Unidade é o centro Axón, especializado en terapia e rehabilitación dos pacientes con diversidade funcional.

Canle centralizada

“A Unidade, con sede no noso propio hospital, ofrecerá todos os recursos e experiencia dos nosos profesionais, de tal forma que o paciente e a súa familia obteñan unha resposta ás súas necesidades acordas ao nivel de excelencia e esixencia que nos distinguen. Para iso buscaremos a obtención dos mellores resultados; o favorecemento do diagnóstico cunha avaliación multidisciplinar; a formación continuada dos nosos profesionais e a mellora da eficacia, abrindo liñas de investigación e innovación que dean como resultado un centro de referencia nes-



Presentación ao público da Unidade Avanzada de Alta Especialización de Enfermidades Raras e Ultra Raras.

tas enfermidades”, comenta Carlos Rodríguez, xerente do hospital.

Este primeiro centro piloto que abre as súas portas en Ourense, con vocación de continuidade noutros centros, servirá para xestionar unha abordaxe máis efectiva das enfermidades ultra raras co fin de lograr un diagnóstico o máis áxil e fiable posible.

Unha unidade que non só acollerá a pacientes ourensáns –calcúlase que só na provincia pode haber uns 30.000 afectados-, senón que ten ámbito nacional grazas a unha rede de profesionais situados en centros de toda España. Dará cabida a todos aqueles que necesiten confirmar se sofren unha enfermidade rara ou ultra rara e, de ser o caso, entrar nunha canle asistencial preferente, o cal permitirá unha atención multidisciplinar avanzada e

apoio psicolóxico.

“O hospital Centro Médico El Carmen será a primeira porta á que poidan chamar os afectados. Atoparán unha canle clínica e de asesoramento xenético a través do que centralizar todas as súas necesidades, dúbidas e información acerca da súa enfermidade”, explica María José López Otero, Directora de Calidade de Centro Médico O Carmen.

Equipo multidisciplinar

O diagnóstico e abordaxe dunha enfermidade ultra rara é multidisciplinar. No hospital os afectados recibirán un diagnóstico xenético e un tratamento asistencial especializado avanzado completo. Ademais, a Asociación Anasbabi, situada no propio hospital, ofrecerá tanto a eles como ás súas familias un acompañamento, asesoramento e soporte ao longo de todo o proceso. “Ningún pa-

ciente, ningunha familia sentirá soa”, sinala Carlos Rodríguez Morante.

“A rapidez, organización e coordinación do equipo multidisciplinar no diagnóstico é fundamental para evitar as complicacións producidas pola identificación tardía das Ciliopatías, ou calquera enfermidade destas características”, afirma José Carlos Pumar, presidente de Anasbabi.

Laboratorio xenético

Para levar a cabo este proxecto, o hospital Centro Médico O Carmen desenvolveu o seu propio laboratorio xenético, fundamental para o diagnóstico de enfermidades raras e ultra raras. “Unha das maiores dificultades que atopan as persoas cunha enfermidade rara é conseguir un diagnóstico xenético. E o tempo medio para alcanzalo é de 5 anos. O noso Servizo de Laboratorio para o Diag-

nóstico Xenético de Enfermidades Raras facilita este proceso e ofrece, tanto á persoa afectada como aos seus familiares, unha atención personalizada que abarca todos os aspectos xenéticos”, comenta Ilene Cendón, directora do laboratorio xenético de Centro Médico O Carmen.

“Coñecer que xenes están implicados nunha enfermidade rara permite, non só poder levar a cabo un diagnóstico temperán, senón tamén expor posibles tratamentos para a enfermidade”, engade Rita Rodríguez, coordinadora do mesmo laboratorio.

Diagnóstico

A Unidade inclúe o servizo de Diagnóstico Xenético Preimplantacional (DGP), a cargo da prestixiosa doutora María Graña da clínica Zygote, colaboradora habitual de Centro Médico O Carmen. O DGP evita a transmisión de enfermidades xenéticas de pais a fillos. Mediante o DGP identifícanse e seleccionan aqueles embrións libres da enfermidade hereditaria, que foron concibidos mediante Fecundación In vitro, implantando no útero só aqueles que estean sans. Desta forma evítase a transmisión da enfermidade á descendencia.

Todos aqueles afectados por enfermidades raras ou que crean que poden sufrir unha patoloxía deste tipo, poden contactar coa Unidade a través do teléfono 900 815 030. O ámbito de atención é nacional.

O PSdeG denuncia que Baltar marxina ao 64 por cento dos municipios

O PSdeG-PSOE denuncia que o empecinamento persoal de Manuel Baltar en manter o seu “dedo divino”, en lugar de implantar un plan único que reparta os fondos públicos da Deputación de forma xusta e equitativa entre todos os concellos, marxina ó 64 % dos municipios da provincia de Ourense. Os socialistas cuestionan que 59 concellos ourensáns queden fora do acordo asinado coa institución, por importe de máis de dous millóns, para acometer obras como melloras viarias, saneamento e abastecemento, iluminación ou diferentes infraestruturas no rural.

O portavoz, Francisco Fraga, recorda que “os socialistas reclamamos en numerosas ocasións un plan único baseado en criterios obxectivos, co que distribuír estes cartos entre os municipios, independentemente da afiliación política dos gobernos locais” para que “dunha vez por todas



Francisco Fraga, portavoz do PSdeG na Deputación de Ourense.

o PP deixe de lado a dedocracia no reparto dos cartos públicos de todas e todas que leva exercendo sen pausa un cuarto de século”. “O último capítulo deste reparto clientelar de fondos deixou fóra a 59 municipios ourensáns, nos que viven a meirande parte dos habitantes da provincia, o cal é inxusto e afonda nun problema político e democrático que discrimina ás persoas”, asegura Fraga. “Baltar vende propagandisticamente unha presunta provincia intelixente 2.0 na que segue a aplicar prácticas caciquís e

decimonónicas”, destaca.

Os socialistas demandan novamente ó presidente provincial que “entre no rego da democracia plena e moderna e, ó igual que xa fan as outras tres deputacións de Galicia, reparta os cartos provinciais mediante un plan único obxectivo” e poña fin así “a unha actitude antidemocrática coa que segue a usar a Deputación como unha parcela privada do baltarismo, na que empregan os fondos públicos para pagar favores políticos e afinidades persoais do presidente e do seu partido”.

O BNG critica a ausencia de Javier Bas na entrega dos Premios Lois Peña Novo

Na tarde do 28 de xuño, no entorno do Castelo de Soutomaior, celebrouse o acto de entrega dos Premios Lois Peña Novo, na súa XXIV edición. Ante varios centos de persoas, fíxose entrega dos galardóns á escritora, María Xosé Queizán; o filólogo, Manuel González, e ao xurista Xesús Costas. A este acto foron convidados diversos representantes políticos e sociais da nosa contorna.

“Quen non se dignou a acudir, foi o alcalde de Redondela, Javier Bas”, afirma o edil do BNG, Xoán Carlos González. Considera que se trata dunha falla total de respecto que “quen

preside o concello organizador destes Premios, neste caso o Concello de Redondela, ausentárase a este acto de exaltación do idioma galego”. Recorda que por seren a xunta de persoal do Concello de Redondela, quen convoca estes Premios, o noso Concello asume un papel preponderante.

“Consideramos que se trata dunha nova manifestación do sectarismo co que Javier Bas afronta neste final de mandato, actos nos que teñen presenza outras entidades coas que el se tén enfrontado, como no caso da Deputación de Pontevedra. Novamente desacredita a figura de alcalde de Redon-



dela, máximo representante dos veciños e veciñas”, considera Xoán Carlos González.

“Moito máis grave sería que non quixera escoitar discursos tan brillantes en defensa do galego, ou cuestionando o papel de moitos representantes políticos da Xunta, quen mesmo amosan o seu maior e absoluto desprezo polo galego”, afirma o edil do BNG.

Ourense en Común denuncia “vulneración sistemática” do dereito á información no Concello

Logo das reiteradas peticións de información nas xuntas de área de Facenda, Servizos Xerais, Turismo e Termalismo celebradas ao longo dos últimos meses, e derivado das evasivas do equipo de goberno en facilitar a documentación que se lle solicita, Ourense en Común rexistraba unha queixa formal dirixida á Comisión de Transparencia de Galicia, solicitando “que se garanta un dereito fundamental como é o de acceso á información pública”.

O grupo acompañou a queixa coas actas das xuntas de área desde o mes de febreiro, nas que se pón de manifesto a reiterada petición de Martiño Xosé Vázquez para ter acceso á relación de gastos en medios de comunicación do Concello de Ourense durante o ano 2017, e sobre o acordo asinado coas autoridades marroquís polo patronato de Expourense, do que o Concello é integrante.

Ourense en Común xa tén denunciado públicamente en numerosas ocasións a “opacidade” coa que o goberno do Partido Popular toma as decisións e xestiona o Concello, sen facilitar ao resto de grupos a información pertinente para o desenvolvemento da

súa función na oposición. “Se temos en conta que parte do noso traballo é a fiscalización e control das actuacións do equipo de goberno, non cabe dúbida que é necesario que posuamos toda a documentación para poder dar cumprimento a dita encomenda”, apunta Martiño X. Vázquez.

Transparencia

O grupo acóllese á Lei de Bases de Réxime Local, ao Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) e á Lei de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno aprobada no ano 2013, para apelar á Comisión da Transparencia de Galicia, a resolver a queixa e protexer o dereito á información no Concello de Ourense. “A transparencia é un principio indispensable do estado de Dereito, en canto que posibilita o control e a rendición de contas”.

A Comisión da Transparencia de Galicia é un órgano colexiado independente, adscrito á institución do Valedor do Pobo, e encárgase principalmente de que as administracións respecten o dereito de acceso á información pública que ten toda a cidadanía, impulsando as boas prácticas de transparencia na administración.



Martiño X. Vázquez portavoz de Ourense en Común.

O novo matadoiro do Carballiño estará listo para outono

As obras de reforma do novo matadoiro prosiguen, tras tres meses do seu comezo, co obxectivo de que poda entrar en funcionamento o antes posible, probablemente no remate do verán. A dimensión do proxecto impide que se poida concluir en menos tempo.

O alcalde, Francisco Fumega, e o concelleiro de Promoción Económica, Adolfo Nogueira, xunto con representantes da empresa concesionaria "Mata-dero Carballiño S.L.", realizaron unha visita á instalación para comprobar a marcha dos traballos. Se ben as edificacións novas xa están levantadas, aínda quedan moitos detalles por executar.

Cun orzamento de 1.100.000 euros, que comprende tanto a obra civil como a maquinaria, o proxecto contempla a habilitación desta instalación para convertela nun referente dos matadoiros da provincia e de Galicia. Así, será especialmente significativo o tratamento sanitario e medioambiental e de depuración, cumpríndose es-



As autoridades comprobaron o estado das obras.

crupulosamente a lexislación. Terá unha balsa de puríns, que serán recollidos por una empresa especializada, e levarase a cabo a cocción do sangue para convertelo nun residuo sólido.

O novo matadoiro disporá de 1.600 metros construídos, e terá dúas liñas de funcionamento: bovino e ovino, aínda que non se descarta que incorpore gando porcino máis adiante. Levará cinco peiraos de carga e cuadras na parte posterior, que xa están concluídas neste intre.

Esta instalación que, coa entrada en funcionamento,

creará uns quince postos de traballo directos, prestará servizo aos carniceros do Carballiño e da comarca, reducindo os costes de transporte creados por ter que matar as reses noutros matadoiros máis alonxados. Pero tamén se espera que sexa unha instalación moderna e de referencia, que acade a maior cuota de mercado posible, abarcando aos carniceros doutras comarcas da provincia e de Galicia. Neste senso hai unha gran expectativa, e non só pola novidade da instalación senón tamén pola súa ubicación, a carón da autovía AG-53.

Formación para a innovación comercial

A directora xeral de Comercio e Consumo, Sol Vázquez Abeal, salientou en Ourense a importancia da formación especializada como unha ferramenta fundamental para impulsar o emprendemento, o relevo xeracional e a innovación no sector comercial galego. Vázquez Abeal entregou os diplomas do curso desenvolvido pola Consellería de Economía, Emprego e Industria en colaboración coa Fundación Incyde que permitiu formarse en marketing dixital e emprendemento a vinte e seis mozos e mozas menores de 30 anos en situación de desemprego.

Ao abeiro desta iniciativa, dirixida a persoas inscritas no Sistema de Garantía Xuvenil, desenvólvense actuacións de formación individualizada nas que se orienta a cada participante en función do seu perfil profesional e da actividade de cada proxecto empresarial, ademais das sesións conxuntas de formación. Varios dos participantes emprenderán a curto prazo proxectos empresariais nos que aplicarán os coñecementos adquiridos, en ámbitos como a hostelería, as actividades deportivas ou a organización de eventos.



Alumnos participantes no curso.

Ecuador estará en Termatalia Brasil 2018

Ecuator participará para promocionarse como destino de saúde e benestar na próxima edición que terá lugar do 12 ao 14 de setembro de 2018 en Foz do Iguazú, Brasil. Así o anunciou o ministro de Turismo, Enrique Ponce de León, durante a presentación da feira celebrada na sede de Ministerio en Quito. "No país temos 105 concesións termiais. Imos ir á feira como país, para ofertar a nosa gastronomía e rutas", sinalou. A principal novidade desta participación de Ecuador en Brasil é que aproveitarán a presenza na feira para postularse de maneira oficial como candidato a

acoller Termatalia 2020.

Nesta presentación á que acudiron numerosos empresarios do sector e medios de comunicación especializados, o director de Termatalia, Alejandro Rubín estivo arroupado, ademais de por o ministro, polo embaixador de España en Ecuador, Carlos Abella; polo embaixador de Brasil en Ecuador, Carlos Lazary, e polo delegado de Termatalia no país, Guido Calderón, quen indicou que "o termalismo excede ao tema turístico" poñendo de exemplo ao programa español Imerso, creado en 1989, para as persoas que padecen algunha doenza física, como un tratamento alternativo ao uso de

químicos desinflamantes. "O termalismo como unha política de saúde pública, logrou unha redución de ata un 35% no consumo de medicamentos", explicou.

Pola súa banda, o director de Termatalia, Alejandro Rubín, indicou que "Ecuador ten enormes potencialidades para desenvolver este segmento turístico". Engadiu que esta actividade crecerá o dobre que o turismo convencional. Propuxo que o país desenvolve carreiras universitarias contorna ao termalismo, como o fan en España. "En Galicia temos o campus da auga, para que se realicen investigacións sobre os beneficios do uso da auga termal.



Presentación en Quito de Termatalia Brasil 2018.

Temos, ademais, un posgrao en termalismo na Universidade de Vigo. Na facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela dítase a cátedra de Hidroloxía Médica. En Ecuador, o recurso téñeno, o que deben facer é acompañalo desde a Academia coas súas investigacións, xa que a investigación é básica como eixo de desenvolvemento neste modelo de negocio".

Ecuador participará como país para dar cobertura tamén a aqueles destinos termiais que xa estiveron noutras edicións como é o caso de Cuenca, Baños de Auga Santa, Chachimbiro e a Cámara de Turismo de Pichincha (CAPTUR). Estes destinos apoiaron a presentación da feira en Quito coa presenza dos seus representantes institucionais e empresariais.

Galicia

Redacción

Ponteareas incumpre a regra de gasto en 158.000 euros

Según o PP, cos datos que lles foron facilitados esta semana, as contas do ano 2017 non son tan boas como nos quixo facer crer o Goberno local, porque vimos agora a enterarnos que as contas do ano 2017 non cumpren coa Lei de Estabilidade Orzamentaria ó non cumprir coa Regra de Gasto en mais de 158.000€.

O Alcalde e o Concelleiro de Facenda “esconderon” ao resto dos concelleiros da Corporación un escrito recibido o 9 de maio, fai un mes e medio, da Dirección Xeral de Política Financeira no que indicaba o non cumprimento reiterado na Regra de Gasto dos anos 2016 e 2017.

A falta de transparencia deste Goberno ponse de manifesto unha vez mais, porque a semana pasada fixeron a Comisión Informativa para aprobar a Conta Xeral do ano 2017 na que obrigatoriamente deben informar ao resto dos membros da Corporación das incidencias de todo o exercicio, e neste caso “ocultaron” interesadamente este dato e este requerimento.

Por terceiro ano consecutivo



dende que governa este equipo formado por BNG, PSOE e ART, o Concello incumpre coa Regra de Gasto e por conseguinte incumpre coa Lei. Xa no ano 2015 o incumprimento foi de 364.399€, posteriormente no ano 2016 incumpriron coa Regra de Gasto en 179.167€, e agora este último ano 2017 o incumprimento ascende a 158.217€.

Con estes datos confírmase que as xestións que está a facer este Goberno tripartito non son as mellores para manter un concello saneado e ponse de manifesto, afirma Villar, o que vimos denunciando dende fai moito tempo, que gastan sen control, e que non existen prioridades de

gasto, e o último xa, que van a “hipotecar” o Concello para as futuras lexislaturas, co cal non podemos fiarnos de este equipo, que “esconde” a información e “terxiversa” os informes.

Os concelleiros do PP van a pedir ao Goberno que se reconduza ese desequilibrio para o cal tal e como fixa a propia Lei, esixirémolle ao Concelleiro de Facenda que incluía medidas suficientes para compensar ese gasto que o Goberno realizou a maiores no ano pasado e que remate dunha vez por todas coas medidas do Plan de Saneamento Económico-Financeiro, que a día de hoxe aínda non cumpriron.

0 Concello de Ponteareas contrata por un ano a 20 persoas perceptoras da RISGA

A Xunta subvenciona 7 meses e o Concello prolonga 5 meses máis

Nestes días, o Concello de Ponteareas está a rematar o proceso de selección de 20 persoas perceptoras da Renta de Inclusión Social de Galicia (RISGA) para a súa incorporación na vindeira semana para realizar o seu traballo mellorando os espazos públicos e prestando servizos á cidadanía de xeito

que toda a veciñanza resulte beneficiada.

A Xunta de Galicia subvenciona a contratación por un período de sete meses e o Concello subvenciona sete meses máis. Os esforzos deste goberno están centrados en dar calidade de vida á cidadanía, mellorando os servizos municipais e espazos públicos

mais tamén as condicións deste tipo de contratos laborais..

A incorporación de 9 peóns de medio ambiente, 2 auxiliares administrativos, 3 peóns de vías e obras, 3 oficiais de terceira, 1 guía e 2 camareiros limpadores na vindeira semana permitirá reforzar a plantilla para os traballos mais necesarios nestes meses, de desbroces, posta a punto dos colexios,

Centro Cultural de Pías si, pero dentro do Plan Concellos

O PP de Ponteareas manifesta estar a favor de que Pías teña un Centro Cultural, como sempre defenderon. Aí están os 18 Centros reformados e ampliados durante o seu mandato. O que non aceptan, din os populares, é que o actual goberno o faga por medio dun préstamo que deberán pagar os sucesivos gobernos locais, cando o poden facer con cargo ás subvencións da Deputación a aos recursos propios e non empeñar o concello. Petición que o PP ven facendo con insistencia nos últimos tempos sen conseguir lle fixeran caso, informa Belén Villar, voceira popular.

De feito, no último Pleno do pasado 19 de xuño, o PP de Ponteareas presentou unha moción, proposta que o alcalde non deixou votar, para que o Goberno local destinase 190.000 euros que ten disponibles nestes momentos do Plan Concellos da Deputación para a rehabilitación da Casa

Cultural de Pías. Por outra banda, dende o PP de Ponteareas non entenden ao goberno actual cando denuncian os valores catastrais das vivendas por estar sobrevalorados, que os IBIs eran abusivos; sen embargo agora van mercar unha casa en Pías para Centro cultural con terreo e valor catastral de 84.122 €, pero o concello vai pagar 150.000 euros.

Con todo o tempo que custou sanear o Concello de Ponteareas, dende o PP non entenden como ao Señor Represas non lle treme o pulso á hora de endebedar ao Concello en 600.000 máis, sobre todo cando non hai necesidade pois o concello conta con diñeiro para destinar a investimentos: 5 millóns de euros de Fondos Europeos, máis 4 millóns de euros do Plan Concellos da Deputación, e aínda por riba agora ten máis ingresos de impostos, xunto con 2,4 millóns de euros cada ano que o Estado ingresa e que ao goberno anterior retiña para pagar obrigas.

Rock en Celeiros

A terceira edición do Carballeira Rock será o vindeiro 6 de xullo a partir das 22 horas organizado polo Centro Cultural de Celeiros.

School, Gravesen, Beathos e Rabuda son os catro grupos

que actuarán na carballeira do barrio de Requeixo.

Na carballeira haberá servizo de bar e ofrecerán bocadillos e hamburguesas para que todas as familias poidan bailar a ritmo de rock e cear entre amigos.



O peche dos procesos xudiciais abertos, clave para a negociación do Convenio de Salceda

Os representantes sindicais do Concello de Salceda pretendían o debate dunha moción que a propia secretaria municipal informou como “contraria á legalidade por prescindirse total e absolutamente do procedemento establecido”, na que solicitaban o recoñecemento da antigüidade mediante trienios ao persoal laboral (non funcionario) do Concello. Cabe lembrar que xa foron varios os empregados e empregadas municipais que levaron o asunto aos tribunais, denegándose por parte dos xulgados todas e cada unha das peticións nesta liña.

Lamentan dende o equipo de goberno que os sindicatos traten de enganar ao persoal municipal, facéndolles partícipes de solicitudes contrarias á lei, tal e como lle teñen manifestado xa varios xuíces: “Descartado que el personal laboral del Concello sea perceptor de ese haber por trienios, circunscribiéndose su ámbito subjetivo al personal funcional”, ratificando incluso este feito por parte do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.



Dlembran tamén dende o equipo de goberno que o único xeito de recoñecer antigüidade no persoal laboral é mediante as mesas de negociación, que tiveron que interromperse ao decidir os traballadores presentar demandas xudiciais ao mesmo tempo que se estaban a levar a cabo as negociacións do convenio, facendo absolutamente inviable dita negociación, que se poderá retomar unha vez rematen os xuízos pendentes por parte dos empregados municipais.

A pesar de que a moción na que se pedían os trienios para o persoal laboral non era competencia plenaria, o Alcalde admitiu a solicitude de debate e de intervención por parte dos representantes sin-

dicais do Concello. Ditos representantes solicitaron a negociación do convenio colectivo para o Concello de Salceda, e o equipo de goberno incidiu na necesidade de rematar cos procesos xudiciais abertos por parte dos traballadores para poder retomar as negociacións. O Goberno Local lembra que no ano 2009 chegouse coa negociación á proposta de arbitrase por parte do Inspector Xefe da Delegación de Vigo, Jose María Casas de Ron, proposta aceptada polo Equipo de Goberno e rexeitada polos representantes sindicais daquel entón. De ter sido levada adiante dita arbitrase, dende aquel mesmo momento o Concello de Salceda contaría co seu Convenio Regulador.

Comezan as obras da urbanización do novo Centro de Saúde

Comezaron en Salceda as obras de urbanización do acceso ao novo Centro de Saúde, na rúa Mártires de Sobredo, adxudicadas á empresa FECHI tras un proceso ao que concurri- ron once empresas.

O proxecto, redactado polo arquitecto Santiago López Fontán, ascende a un total de 192.712,55€ e incluído, financiados con cargo ao Plan Concellos 2017 da Deputación de Pontevedra, e prevé un prazo de execución de catro meses. Ademais da urbaniza-

ción do acceso ao novo Centro de Saúde, esta obra suporá a creación dunha nova zona verde de 4.164, 67 m2 fronte ao edificio.

O Concello de Salceda de Caselas segue así a dar cumprimento á súa parte, cumprindo co compromiso de executar as obras de urbanización agardando que ao mesmo tempo o SERGAS realice as obras de construción do novo edificio, que neste momento está no proceso de licitación. O SERGAS conta dende o pasado 20 de outubro coa licenza ur-

banística do Concello, polo que poderá empezar as obras en canto remate o proceso de licitación.

O novo edificio contará con unha superficie total de 1.321,11 m2, dividida en dúas plantas, aos que hai que sumar 168 m2 de espazos exteriores descubertos. A nova instalación albergará dúas consultas de pediatría, unha consulta de enfermería de pediatría, 5 consultas de medicina xeral con cadansúa consulta de enfermería anexa e unha consulta de matrona.

O Concello abocado a ser tutelado por Facenda segundo, segundo os socialistas

A liquidación do orzamento correspondente ó exercicio 2017 do concello de Salceda de Caselas constata que a administración local incumpre o obxectivo da Regra de Gasto, así como o incumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria.

Con estes datos debido a mala xestión económica, o concello de Salceda mírase abocado a formular un plan económico financeiro bianual antes do 1 de xullo, que permita que no ano en curso e no 2019 se de cumprimento ós obxectivos da regra de gasto e que deberá ser aprobado no prazo de dous meses. Ademais a lei marca que se debe proceder á retención de crédito, o que suporá a non dispoñibilidade de crédito para o normal funcionamento da administración local. Este plan económico financeiro debe conter medidas concretas baixo a tutela de Facenda.

Ademais, de non adoptarse as medidas previstas na lei, o Ministerio de Facenda poderá adoptar medidas coercitivas e incluso intervir as arcas municipais.

O grupo municipal socialista insiste “na falta de control do gasto polo goberno local que leva ó concello a esta situación, e a constante entrada de facturas con gastos innecesarios como é o caso do incremento na partida de publicidade e propaganda”.

Verónica Tourón incide no que veñen reiterando dende o 2016 “esta é a consecuencia da deriva económica á que o goberno está levando ó concello coa falta de xestión, non se pode gobernar sen orzamentos, gastando o que non se ten e a base de recoñecementos extraxudiciais de crédito que abocan ós provedores a traballar sen ningunha seguridade xurídica e a cobrar a través dos xulgados”.

Xa no 2016, os socialistas presentamos un Plan en materia económica para que o goberno local adquirise uns compromisos en materia de transparencia e boas prácticas na xestión económica. Medidas que solicitábase se implantaran pouco a pouco, que o goberno local non adoptou e que evitarían que en exercicios posteriores nos topásemos con estes resultados que coarta o normal funcionamento do concello, como está acontecendo agora”.

Trátase de xestionar con seriedade, rigor e responsabilidade. Por isto, o grupo socialista advirte que non vai a ser cómplice desta xestión irregular do concello, é responsabilidade única do equipo de goberno co alcalde á cabeza, e volve unha vez máis a convidar á corporación a reflexionar sobre a necesidade de adquirir compromisos sobre boas prácticas e transparencia na xestión económica, e sacar ó concello desta situación.



Galicia

Redacción

“Lazoiro”, de Salvaterra, pide garantías da salubridade da auga de consumo

Recentemente a asociación Lazoiro recibiu un escrito da Xefatura Territorial da Consellaría de Sanidade no que fai a seguinte mención: “En relación a praia de Cordeiro, un informe da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, pon de manifesto a existencia de verteduras de augas residuais a 350m augas arriba da zona de baño, o que pode supoñer un perigo obxectivo para os bañistas, polo que o Concello de Salvaterra de Miño deberá sinalizar a zona como non apta para o baño, mentres non realicen as xestións oportunas para que os vertidos dos núcleos situados augas arriba incorporen sistemas de desinfección aos tratamentos de depuración das súas augas residuais”.

Esta información fai saltar a alarma na asociación Lazoiro cando os veciños da zona do



Cordeiro lles confirman a esta asociación que o concello de Salvaterra na zona intermedia entre a praia fluvial do Cordeiro e lugar dos vertidos 350m augas arriba está collendo auga do río para o abastecemento por medio dun bombeo que a envía ao depósito do monte do Castelo do que se abastece o municipio.

A asociación Lazoiro acaba de dirixirse ao Concello de Salvaterra, Consellaría de Sanidade e Confederación Hi-

drográfica Miño Sil para que se garanta a salubridade da auga de consumo no concello de Salvaterra e se procedan a efectuar as obras necesarias para rematar cos vertidos de augas residuais ao río Tea na zona do Cordeiro.

Tamén se lle pide ao concello de Salvaterra tal como indica a consellaría de Sanidade se proceda a sinalizar a zona de baño do Cordeiro como zona non apta para o baño mentres continúen os vertidos.

A rotonda da PO 404 será realidade este ano cun investimento de 350 mil euros



Antes de que remate este ano a rotonda na Po 404 en Guillarei debería ser unha realidade. As obras, que teñen un prazo de execución de catro meses, saíron a licitación, polo que deberían adjudicarse a finais do verán e comezar no mes de setembro. Suporá un investimento entre execución de obra, ex-

propiacións, e reposición de servizos de 350.359€.

O proxecto contempla unha glorieta de 32 metros de diámetro exterior, unha calzada de 2 carrís de 4 metros de ancho cada un, con beiravía interior e exterior dun metro de ancho, senda ciclista de 2,5 metros e senda peonil de 2 metros.

O Consorcio do Louro non cobrará auga e saneamento á vivendas afectadas pola explosión de Tui

Atendendo a solicitude do Concello de Tui, e en base á relación de vivendas afectadas facilitado polo servizo de urbanismo dese Concello, o Comité Directivo do Consorcio do pasado luns acordou por unanimidade tramitar a baixa temporal no padrón de usuarios para aquelas vivendas que quedaron inhabitables a consecuencia da explosión do material pirotécnico de Para-

mos do pasado 23 de maio.

Os veciños afectados non terán que facer fronte ó pago do recibo de maio-xuño de 2018 nin dos seguintes e mentres que as vivendas afectadas non estean rehabilitadas e volvan a ser habitables.

O último recibo emitido a estas vivendas corresponde co bimestre marzo-abril, período no que as vivendas non puideron verse afectadas pola explosión.

García de la Torre responde ás críticas do PP sobre a situación económica do Porriño

Anxe as novas difundidas polo Partido Popular do Porriño no que se refire á situación económica do Concello, a alcaldesa quere sinalar que o PP local “non pode dar leccións de nada en materia económica considerando a súa xestión neste eido durante o tempo que tivo a responsabilidade de gobernar”.

Eva García de la Torre lembra, en primeiro lugar, que “aínda que tiña maioría absoluta na Corporación o PP non non foi quen de aprobar uns orzamentos municipais en todo un mandato”.

Do mesmo xeito, cando o Partido Popular deixou o Goberno municipal cada veciño do Porriño debía 86€, hoxe esa débeda non chega a 3€; o Pro-

duto Interior Bruto (PIB) da vila durante a xestión do Partido Popular descendeu nun 8,5%, unha porcentaxe inédita e baixou a renda por habitante: na actualidade, sempre dacordo cos datos oficiais, o PIB recuperouse e a renda é unha das máis altas de toda Galicia-.

A taxa de paro que o actual Goberno municipal herdou do Partido Popular foi do 24,17%- e chegou durante a xestión do PP ao 39%-, a finais de maio pasado o desemprego no Porriño estaba en pouco máis do 16%, un dato que é aínda máis descriptivo considerando que a poboación empadroada na vila cando o PP estaba á fronte do Concello era de 18.898 persoas e na actualidade

é de preto de 20.000.

A todo isto hai que engadir o feito de que o resultado orzamentario do actual Goberno municipal é positivo en máis dun 20% e que en só tres anos de mandato, ademais de aprobar un presuposto sen maioría, “liquidamos a débeda que herdamos do Partido Popular e elevamos o remanente de Tesourería por riba dos 9 millóns de euros”.

Seica hai que sinalar, tamén, que o Grupo Municipal do Partido Popular votou en contra, a finais de 2015, de que se investisen 1,3 millóns de todas as porriñesas e porriñesas en actuacións de interese municipal e preferiu que eses cartos quedasen no banco por puro inte-

rese político particular.

Aínda, con todo, chama a atención o cinismo do Partido Popular local cando o seu presidente, Manuel Alejandro Lorenzo, coma alcalde da Entidade Local Menor de Chenlo, “tivo que facer xa dous plans de axuste por non ter respectado o teito de gasto e acaba de aprobar un creto extraor-

dinario para pagar facturas sen contrato”.

García de la Torre lembra que o orzamento que ten que xestionar o señor Lorenzo, ademais de non ter a complexidade do que administra o Goberno local do Porriño “e pode decidir el so co seu grupo, sen ter que ocuparse de herdanza envelenadas”.

A Deputación adxudica as obras da nova avenida-variante de Tomiño

O orzamento final será de 1.920.116,65 euros

A Deputación de Pontevedra vén de adxudicar á empresa Construcciones, Obras y Viales SA (COVSA) a construción das obras da nova avenida variante de Tomiño que servirá para retirar o tráfico de paso do núcleo da vila. O deputado de Mobilidade Uxío Benítez explicou que a Xunta de Goberno provincial aprobou a contratación, que finalmente terá un orzamento de execución de 1.920.116,65 euros.

Nos vindeiros días a empresa terá que asinar o contrato formalmente, presentar o seu plan de seguridade e saúde para as obras, así como a acta final de replantexamento. Estes trámites coincidirán coa finalización do proceso de levantamento de actas para a ocupación dos terreos necesarios para a nova vía. Segundo explica o deputado de Mobilidade, persoal técnico da Xunta e da consultora responsable das expropiacións estivo a pasada semana no Concello de Tomiño levantando as actas previas, que terán que resolverse definitivamente para facer os pagos aos propietarios. O deputado agarda que o proceso burocrático estea totalmente pechado o vindeiro mes de xullo para poder iniciar as obras, que terán un prazo de execución máximo de 12 meses.

O proxecto da nova avenida-variante de Tomiño enlazará polo sur coa estrada provincial EP-3102 e polo Norte coa PO-344 (rúa Gondomar), proporcionando unha saída natural á rúa da República Arxentina e, de forma complementaria, ao Camiño



do Alivio e ao Camiño da Pedra cara o leste do núcleo. Tamén enlazará coa futura vía de Alta Capacidade (VAC) Tui-A Guarda.

O trazado da nova vía esténdese durante 1.318 metros. A sección abrangue 16 metros de largo medio, 10 metros dedicados a unha plataforma de dobre sentido de circulación e seis metros dedicados a unha senda peonil e ciclista pola marxe esquerda e a unha separación intermedia coa calzada. Amais, o proxecto complétase mediante o deseño das interseccións co viario existente, incluíndo cinco glorietas.

A primeira glorieta estará no punto 0+000. Serve de conexión da variante coa EP-3102, coa PO-344 e coa rúa Gondomar, terá catro ramais de entrada e un radio de calzada de 18,65 metros. A segunda glorieta (no punto 0+230) serve de conexión da variante co Camiño do Alivio, con catro ramais de entrada, un único carril de circulación e un radio exterior de 14,68 metros.

A terceira glorieta (0+480) entronca coa avenida República Arxentina, que é un dos principais accesos ao núcleo do Seixo dende a PO-552. Terá dobre carril e un radio de 19 metros. Segundo explica o deputado Benítez,

a intención é dar a esta glorieta un “tratamento máis urbano e de calidade”, seguindo o estilo e o deseño que terá no futuro a avenida Arxentina, que o Concello quere peonalizar ata o edificio da Casa Consistorial con cargo ao programa provincial DepoRemse.

Por outra banda a cuarta glorieta (1+000) coordinará a avenida coa traza do enlace da VAC Tui- A Guarda co núcleo do Seixo e a rúa da Pedra. Terá cinco ramais de entrada e 24 metros de radio exterior, sendo a máis ampla de todas. A quinta rotonda conforma o final do proxecto e enlazará a variante coa PO-344 e un camiño municipal que serve de acceso á estrada de Barrantes.

Outro punto importante da nova avenida será a iluminación, que estará deseñada especificamente para a nova vía. O proxecto incorpora novas luminarias no bordo entre calzada e senda, cunha distancia entre as mesmas de aproximadamente 30 metros. Nas glorietas e interseccións instaláranse tamén puntos de luz que permitirán mellorar a segurancia viaria neses puntos. Todas elas seguirán as indicacións do Regulamento de Eficiencia Enerxética, de tipo led.

Tomiño participará nun proxecto piloto do Banco de Terras

O Concello de Tomiño ven de aprobar no pleno ordinario do 24 de maio a incorporación no inventario municipal de varias parcelas procedentes do Fondo de terras que xestiona Agader a través do Bantegal. Trátase de 10 parcelas localizadas nas parroquias de Goián e Figueiró que engrosaban as 115 parcelas polas que estaba composta a “masa común” da concentración parcelara d’Os Panascos.

A concentración parcelaria d’Os Panascos, á diferenza da Estás-Goián-Figueiró, foi concluída no ano 2006 e os títulos entregados no ano 2007. Unha vez entregados os títulos aos particulares, resultaron sobranter 115 parcelas que constituían a “masa común” que transcurrido o tempo regulamentario pasou a xestión do Banco de Terras. A entidade xestora BANTEGAL, pola súa parte, procedeu a cualificación destas 115 parcelas das cales resultaron que 10 carecían de interese produtivo por cuestións diversas. Estas parcelas e segundo a lexislación, son de titularidade do Concello do termo municipal donde se atopan, polo que o pasado 7 de febreiro, se procedeu a entrega dos títulos de propiedade por parte de Agader ó Concello de Tomiño nun acto protocolario en Santiago coa presenza da Conselleira de Medio rural Ángeles Vázquez. O último paso para a regulamentación de ditas parcelas era incluílas no inventario municipal, previo paso de ser aprobado en pleno como así se fixo na

sesión ordinaria do 24 de maio.

As restantes 105 parcelas que pasan a engrosar o banco de terras están cualificadas como de uso agrícola e gandeiro, podendo ser arrendadas por particulares ou empresas co fin de destinalas a súa explotación.

Por outro lado, Tomiño participará nun proxecto piloto que ten que ver coa dinamización de terreos en mans particulares que actualmente están improdutivos, incluso en estado de abandono. Os interesados poderían participar no Banco de Terras incluíndo a súa parcela para uso produtivo a cambio dun arrendamento.

O Concelleiro de Promoción económica, Antonio Tartaglione, valorou de forma positiva estas boas novas. Segundo Tartaglione “a dinamización de parcelas improdutivas facilitará a creación de novas explotacións e a ampliación das existentes e polo tanto a mellora nun sector punteiro en Tomiño como é a planta ornamental, a floricultura e a gandería”.

Pola súa parte, a Alcaldesa, Sandra González, destacaba a necesidade de continuar “nesta liña de traballo pondo en funcionamento novas parcelas en situación de abandono e que son de interese agrario. Esta é un demanda que temos trasladado a Xunta de Galicia en diversas ocasións en colaboración con acuBam, así como a conclusión da concentración parcelaria Estás-Goián-Figueiró coa entrega de títulos aos propietarios”.



XIII Festa do Tinto Rías Baixas nas Neves

Unha quincena de adegas presentarán arredor de 30 marcas no Túnel do Vino que se poderá visitar os días 7 e 8 de xullo.

O concello da os últimos toques aos preparativos da Festa. Unha celebración que ven ofrecendo variadas actividades tendo aos Viños da Denominación de Orixe como fío conductor.

Os actos deron comezo coa presentación do amplo programa no Pazo de Mugartegui e contou coa presenza do Secretario Xeral do Consello Regulador, Ramón Huidobro e co

alcalde das Neves.

Na súa interención Huidobro destaca a importancia e o potencial dos tintos Rías Baixas, protagonista nesta Festa do Viño Tinto das Neves. Animou a todos a visitar as Neves para descubrir os nosos viños, a nosa gastronomía así como o entorno natural e patrimonial.

Túnel do Viño

A fin de semana grande desta Festa do Viño Tinto comezará

o vindeiro sábado día 7 de xullo coa apertura da Feira que terá será as oito da tarde e contará coa actuación do grupo de performances Pablo Méndez. Habrá postos de comida, área de descanso e recinto infantil.

As 8 e media da tarde abrirá as portas o Túnel do Viño onde se mostrarán arredor de 30 marcas pertencentes a unha quincena de adegas de Denominación de Orixe "RIAS BAIXAS". O prezo de entrada será de 10 euros.

Novamente o domingo día oito abrirá as súas portas o Túnel do Viño ás once da mañá para que os asistentes poidan degustar a variedade de elaboracións desta Denominación de Orixe. Destacará a presenza dos Tintos Rías Baixas, protagonistas da festa.

Ruta de senderismo

A Ruta do Viño Rías Baixas tamén participará na XIII Festa do Tinto das Neves organizando un recorrido sendeirista entre viñedos e adegas. Esta activi-


dade será de balde e comenzará ás nove horas. Os participantes visitarán as adegas Señorío de Rubiós e Viña Nora para finalizar no recinto feiral onde se ofrecerá un aperitivo con viños Rías Baixas.

Pregón de Morris

As doce da mañá será lido o Pregón a cargo de Antonio

Durán "Morris", e logo a actuación da Barca de Loimil. A sesión vermut será amenizada por LILICLETA, disco retro.

Os actos rematarán coa actuación de Fran Rey, co espectáculo infantil titulado "a historia de Blancaflor" (ás 19 horas) e con música indie-folk galego de Caxade, ás oito da tarde.



Antonio Durán Morris será o pregoeiro

A Deputación mellora a contorna de Santa Marta de Ribarteme nas Neves

Crear un espazo atractivo, seguro e accesible, potenciando actividades e poñendo en valor a arquitectura do edificio parroquial e o propio espazo público". Con esas palabras resumía o deputado de Mobilidade da Deputación provincial as obras que se desenvolverán para mellorar a contorna da igrexa de Santa Marta de Ribarteme no Concello de As Neves cun proxecto de preto de 200.000 euros. A obra, solicitada polo alcalde para calmar o tráfico neste núcleo de centralidade, terá un prazo de execución de tres meses logo do inicio dos traballos.

A Igrexa de Ribarteme é un polo de atracción dos veciños e veciñas, tanto nas festas pa-

tronais, como nos eventos relixiosos e a día de hoxe os vehículos circulan a velocidade inadecuada, sendo un motivo de inseguridade peonil, ao tratarse de un centro de reunión da veciñanza. A EP-4201, que está pavimentada de aglomerado, está situada entre dous ámbitos de uso público, o adro da igrexa e o cemiterio e o torreiro de festas e unha zona verde, o que non ofrece seguridade para as persoas e as crianzas, que se moven dun lado ao outro.

A actuación na contorna da igrexa parroquial de Santa Marta de Ribarteme pretende calmar o tráfico e mellorar a seguridade e a mobilidade peonil, poñendo en valor dun xeito sensible o espazo e o elemento protexido



cunha praza frontal á igrexa pavimentada con adoquíns e bandas de pedra. Haberá tamén pavimentos de formigón coloreado nas zonas anexas á vía.

Aproveitando o proxecto, tamén se vai mellorar o entronque

da estrada co paso cara ao núcleo de O Coto, modificando o radio de xiro e as rasantes para redondear o encontro coa estrada provincial. Dotarase de maior accesibilidade ao acceso á igrexa e ao cemiterio corri-

xindo as dúas ramplas de acceso ao adro dende a estrada, e renovarase a iluminación, deseñando luminarias específicas de balizamento sobre o pavimento, luminarias led pegadas aos muros de pedra, tiras de led empotradas nos bancos, luces para iluminar as fachadas da igrexa mediante proxección, e proxectores led para a imaxe granítica da virxe sobre o muro de contención.

O resultado, segundo Benítez, será "un espazo público contemporáneo, no que se dilúe a traza da estrada, máis destinado ás persoas, e no que o uso peonil será o que porá en valor tanto a propia igrexa como o espazo, cunha iluminación que realizará as súas cualidades".

Santa Marta de Ribarteme: Unha "nube divina" que cubre As Neves durante tres días

Por Juan Louzán.

Tres días de xullo que dan remate a un mes especial para miles de devotos de dentro e fora de Galicia. Esta romería, din, é unha das máis antigas do Mundo e atrae especialmente pola espectacular procesión de portadores de cadaleitos con persoas vivas no seu interior; persoas que foron curadas grazas á intervención da Virxe de Santa Marta cando xa foran deshauciadas pola medicina tradicional.

A romería de Santa Marta

irmá de Lázaro, considerada protectora dos desesperados, é seguida en procesión por miles de persoas, de romeiros vestidos coas correspondentes túnicas brancas, que dedican especialmente á vida, á fortuna de gozar dunha existencia chea de saúde, con agarimo, felicidade, poesía. Algúns romeiros "entran en trance", especialmente cando escoitan o canto "Virxe Santa Marta estrela do Norte, aquí che traemos aos que viron a morte"!!

Durante a procesión os fieis

poñen tanto corazón, alma, sentimento e agarimo dedicado aos enfermos curados milagrosamente que producen tal comoción que se pon a pel de galiña, que dan escalofríos. No traxecto da igrexa ata o cemiterio, ida e volta, danse momentos de parálise emocional, como quen está nunha nube.

Os devotos "volven á vida" grazas aos fogos artificiais, ás bombas de palenque, aos repiques das campás. Noutros pobos é costume celebrar misas polos mortos e resucitados!!



Trátase dun día moi importante na relixiosidade dos galegos.

A romaría das mortallas e milagres de Santa Marta está moi relacionada con Cristo Jesús.

A igrexa é pequena pero fermosa, destacando as imaxes de Santa Marta e da Virxe da Almudena.

A biografía e a historia longa da Santa homenaxeada, dinos que era nativa de Palestina, que fixo o seu primeiro milagre en Marsella resucitando a unha persoa afogada. Tamén se invoca como "avogada" dos que están en perigo de falecer.



Restaurante O'Caldiño

Cocina Tradicional gallega.

Carnes, pescados y mariscos de Galicia.

Cocina abierta permanentemente.

C/Lagasca 74. Metro: Serrano. Madrid

Tlf: 91 575 70 14 - 91 575 14 48.



Novas da Raia

Redacción

Feira do Alvarinho de Monção

A Feira do Alvarinho de Monção, certame destinado a promover aquele produto vínico singular e nobre da nossa região, realizou-se entre 29 de junho e 1 de julho, apresentando uma programação destinada a todos os públicos, complementada com provas de vinho, conferências temáticas e animação musical.

Num evento de sucesso que se renova de ano para ano, a edição apresentou duas novidades. Um novo espaço no Parque das Caldas e o regresso da restauração após um interregno de vários anos. Estiveram presentes quatro restaurantes do concelho.

Participaram 29 produtores de vinho Alvarinho, 20 tasquinhas com produtos tradicionais, fumeiros, queijaria e doçaria e 20 expositores destinados a instituições e arte-



sanato. Presentes também um posto médico, espaço lounge, Eprami.com, espaço infantil, posto de informação, sala de provas e área para workshops de culinária.

Animação para todos os públicos

A abertura oficial abriu espaço a três dias de promoção dos vinhos Alvarinho, gastronomia local, animação para todos os públicos e rentabilização económica dos expositores,

comércio, hotelaria e restauração do concelho.

Milhares de pessoas, de diferentes áreas geográficas de Portugal e Espanha, rumaram a Monção para “sentir” a Feira do Alvarinho. No último ano, passaram pelo recinto da feira mais de 50 mil pessoas, originando um volume de negócio direto e indireto (cafetarias, restauração, hotelaria, comércio...) superior a meio milhão de euros.

Ao longo dos três dias, as tardes foram preenchidas com conferências temáticas, provas de vinho, workshops de culinária e atuação de agrupamentos folclóricos do nosso concelho. As noites iniciaram-se com animação de rua (charangas), continuando, pela noite dentro, com os Dj's Nuno Luz e Ana Isabel Arroja, da Rádio Comercial, media partner do evento.

Nesta parceria com a Rádio Comercial, passaram vários spots promocionais diários da Feira do Alvarinho de Monção. No primeiro dia do certame, 29 de junho, o programa “Já se faz tarde”, com Diogo Beja e Joana Azevedo, entre as 17h00 e as 20h00, foi emitido em direto do recinto da feira.

Mesa “Cordeiro à Moda de Monção”

Com a mesa “Cordeiro à Moda de Monção” como pré-

finalista do concurso nacional “7 Maravilhas à Mesa”, a Feira do Alvarinho assumiu-se como um espaço de promoção deste prato típico de Monção, conhecido localmente como “Foda à Monção”.

A Feira do Alvarinho de Monção tem como finalidade reforçar a sua condição de instrumento estratégico para a promoção e comercialização daquele produto singular produzido em Monção e Melgaço, enaltecendo as suas características vinícolas ímpares e diferenciadoras e promovendo o estabelecimento de parcerias comerciais.

Constitui igualmente um espaço de divulgação da atividade empresarial e associativa da região e como uma “montra” para a dinamização do mundo rural através da apresentação, valorização e comercialização de produtos e artigos locais e regionais.

Xornadas técnicas sobre turismo en Arbo

O pasado 26 de xuño tiña lugar no Auditorio do Centro Multiusos de Arbo unha Xornada Técnica para a integración dos Recursos Turísticos para o desenvolvemento do Territorio para profesionais, empresas e emprendedores que traballan no eido do Turismo no medio Rural.

As xornadas daban comenzo coa recepción de participantes e a apertura da sesión polo alcalde do Concello de Arbo que sinalaba que Arbo, ten o recoñecemento nacional e internacional pola Lamprea o que nos sinala como a Capital Mundial da Lamprea, tamén afirmou que a oferta hostaleira, as casas de turismo rural e os restau-

rantes, ofrecen os servizos que o turista demanda e que dende o Concello e a súa Area que entre outras é Turismo seguirá apoiando todas as iniciativas e promocionando o Concello por toda a xeografía Galega, Española e internacional.

A Xornada remataba coa visita ao Centro de Interpretación do viño e a Lamprea ARABO.



Desfrute do verán no Parque Aquático de Cerveira

Aliar bons momentos familiares a um ambiente de sol e beleza natural? O Parque Aquático de Vila Nova de Cerveira já se encontra de portas abertas para refrescar os dias de verão 2018, proporcionando diversão e tranquilidade.

Inserido no Parque de Lazer do Castelhinho, este parque temático, que simula uma réplica do rio Minho com os seus canais, comportas, barragens, jatos e repuxos de água, é um dos espaços prediletos de visitantes oriundos do Norte do país e da vizinha

Galiza, principalmente quando o calor aperta.

De acesso gratuito, o Parque Aquático de Vila Nova de Cerveira funciona de terça-feira a domingo, entre as 10h00 e as 12h30 e as 14h00 e 19h30, até 30 de setembro.



Verán Cultural Arbo “San Roque 2018”

O Concello de Arbo, presenta o seu Verán Cultural, con cuarenta actividades, que se desenvolverá nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro, encamiñadas a fomentar a participación dos vecinos de Arbo e potenciar o turismo coa chegada de visitantes durante estes meses de verán.

A programación que abarca a todos os públicos e moi diversa, pero seguimos no mesmo camiño de promocionar os grupos, as asociacións e o Actividades no Campo de Fútbol, no Pavillón e na Biblioteca municipal para potenciar as instalacións de Arbo. Senderimos tanto para todos este ano unha especial para Nenos, San Roque, un clásico do noso patron, cine na Rúa, Campamento de Verán que nos dous primeiros días de inscrición case esgota as prazas, Ruta en Bicicleta, Festas parroquiais.... Entre outras

A XXIII Festa da Lamprea Seca, este ano ten algunha novidade tendo en conta a repercusión que a gastronomía e o enoturismo esta tendo a nivel nacional e Internacional, este ano as xornadas serán dous días nas que terán lugar diversas actividades para todos os públicos, e donde se poderá degustar a Lamprea Rechea en todas as súas formas, así como viños das adegas do Concello de Arbo e concerto o sábado de Roi Casal, todo elo na Carballeira de Turbela, donde se contara con mesas, bancos e sombra para pasar un bo día.

O Alcalde do Concello de Arbo, Horacio Gil, invita a todos e todas a que veñan a desfrutar das nosas actividades que van dende os máis cativos ata os máis maiores que farán que este verán sexa unha nova forma de ver a nosa Vila, que visiten o Centro de Interpretación do Viño e a Lamprea Arbo, que coñezan as nosas Rutas de Senderismo, disfruten das Praias Fluviais, dos espazos naturais, a disfrutar dos nosos restaurantes, casas de turismo rural e de toda a hostalería en xeral, porque “Arbo é a Vila da Lamprea, Enogastronomía e Cultura Milenaria”

VERÁN CULTURAL SAN ROQUE 2018 ARBO

CAMPAMENTO DE VERÁN DENTE O 2 DE XULLO Ó 31 DE AGOSTO
Destinado a nenos e nenas de 3 a 13 anos

XUÑO

- 17 DE XUÑO (DOMINGO)**
ANDAINA DA LAMPREA. Saída ás 9,30 h. dende Praza do Concello. Ás 18,00h. no Auditorio do Centro Multiusos do Concello de Arbo. concerto “Encontros de Corais Vila de Arbo”
Organiza: Coral Polifónica de Arbo coa colaboración do Concello de Arbo
- 21 DE XUÑO (XOVES)**
FESTA INFANTIL na Colexio. Organiza Concello de Arbo coa colaboración do C.E.I.P. Antónia Carpiñeira
- 24 DE XUÑO (DOMINGO)**
Ás 9,00 h. na Campo da Telleira - Arbo, VII Feira de Cans e VI Xornada Gastronómica de Xabarin. Exposición de cans. Un conxunto de cans de cadelas, en parque cerrado e degustación gratuita de xabarin con adquisición de bebida
- ROMERÍA DE SAN XOÁN**. Procesión, Romería e Xantar Campesino.
Organiza: A.C. do San Xoa, coa colaboración do Concello de Arbo

XULLO

- 1 DE XULLO (DOMINGO)**
Ás 20,00 h. II Gala Pequenos Grandes Artistas, no Pavillón Polideportivo de Arbo
- 7 DE XULLO (SÁBADO)**
De 20,00 h. a 22,00 h. no Pavillón Polideportivo. CURSO CONTINUACIÓN DEFENSA PERSONAL. Inscripción no Concello de Arbo. Importe: 10 €.
(o pago dos 10 € - inclúe dúas clases: 7 de xullo e 18 de agosto)
- 15 DE XULLO (DOMINGO)**
Ás 19,00 h. Actuación do Grupo Megadance de Arbo no torreiro de Feira en Sela
- 16 DE XULLO (LUNS)**
12,00 h. Actuación da Coral Polifónica de Arbo na Igrexa Parroquial de Santa Marina do Sela
- 18 DE XULLO (MÉRCORES)**
Ás 12,00 h. na Biblioteca Municipal Actuación Infantil “Pallazo Pinuleta y Cia”
“Especial Gloria Fuertes”, dentro do programa Ler Conta Moito
- 21 DE XULLO (SÁBADO)**
Ás 20,00 h. XVII FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL DE ARBO.
Organiza: A.C. Barca de Loinil coa colaboración do Concello de Arbo
- 25 DE XULLO (MÉRCORES)**
Ás 21,00 h. actuación do Grupo MEGADANCE de Arbo no Torreiro de Festas de Cebelas
- 27 DE XULLO (VENRES)**
Ás 21,00 h. e ás 22,00 h. Semifinais do XIV TORNEO DE FÚTBOL SALA VILA DE ARBO
- 28 DE XULLO (SÁBADO)**
Ás 20,00 h. e ás 21,00 h. Finais do XXV TORNEO DE FÚTBOL SALA VILA DE ARBO
- ARBOROCK**
Ás 22,00 h. Xunta a Discoteca MASYNA. Organiza: A.C. Arborock, coa colaboración do Concello de Arbo
- 29 DE XULLO (DOMINGO)**
Ás 21,00 h. Incheble acuático na Praza Consistorio

AGOSTO

- 1 DE AGOSTO (MÉRCORES)**
Ás 22,00 h. CINE NA RÚA, proxección da película “CUERPO DE ÉLITE” na Praza Consistorio
- 4 DE AGOSTO (SÁBADO)**
Ás 22,00 h. “100 VOCES” EN CONCERTO no Auditorio do Centro Multiusos de Arbo de Coral Polifónica de Arbo, Coral do Centro Cultural de Valladeres e a Banda Municipal de Arbo.
- REY NIDAS** (Múa Cómica) ás 21,00 horas na Escolas de Coquelitos.
- 5 DE AGOSTO (DOMINGO)**
Exhibición do Grupo de Baile “MEGADANCE DE ARBO” Ás 21,00 h. na Praza Consistorio

11 e 12 XXIII Festa da Lamprea Seca
Lugar Carballeira de Turbela

- 11 DE AGOSTO (SÁBADO)**
10,00 h. ANDAINA POPULAR, saída dende o Museo Arbo e chegada a Carballeira de Turbela. Inscripción on line na páxina do Concello de Arbo. Sorteos varios entre os participantes.
11,00 h. APERTURA DE POSTOS DE DEGUSTACIÓN DE LAMPREA SECA E VIÑOS DAS ADEGAS DE ARBO. Pasaráns e actuación da A.C. A VELLA BARCA
De 11,00 h. ás 22,00 h. Feira e Talleres de Artesanía
12,00 h. a 15,00 h. III Festival Cantos de Taberna, organizado pola Coral Polifónica de Arbo coa participación dos Grupos Loureiro Verde e Amigos Afortunados
17,30 h. Actuación da Charanga NORDESTE
18,00 h. a 21,00 h. INCHABLE TERRESTRE GRATUITO
23,00 h. Concerto de ROI CASAL
II RASTREXO DE ARBO. A partir das 22,00h dende o Pavillón municipal. Organiza A.C. “A Barca de Loinil”, coa colaboración do Concello de Arbo
- 12 DE AGOSTO (DOMINGO)**
10,00 h. FESTA DA BICICLETA. Saída dende a Praza do Concello e chegada a Carballeira de Turbela. Inscripción on line na páxina do Concello de Arbo. Agasallos para todos os participantes.
11,00 h. APERTURA DE POSTOS DE DEGUSTACIÓN DE LAMPREA SECA E VIÑOS DAS ADEGAS DE ARBO. Pasaráns e actuación do Grupo Folclórico PONTENOVA
11,00 h. a 15,00 h. Campaña “Separar con Xeito” que promoven ECOEMBES e a Consellería de Medio Ambiente (charlas, talleres para nenos....)
De 11,00 h. ata 22,00 h. Feira e Talleres de Artesanía
12,00 h. a 15,00 h. III FESTIVAL CANTOS DE TABERNA, organizado pola Coral Polifónica de Arbo coa participación do Grupo O Son das Tabernas
17,30 h. Actuación da Charanga ENCERELLADOS
- 13 DE AGOSTO (LUNS)**
LULLA E FIFÓ ás 21,00 h. na Praza Consistorio
- 14 DE AGOSTO (MARTES)**
Ás 22,00 h. CINE NA RÚA coa proxección da película “CAZAFANTASMAS” na Praza Consistorio
- 15 DE AGOSTO (MÉRCORES)**
Ás 21,30 h. Festa da Escuma na Praza Consistorio
- 16 DE AGOSTO (XOVES)**
FESTA DE SAN ROQUE Lugar: Carballeira de Turbela
10,00 h. Pasaráns pola Banda de Música Municipal de Arbo
11,00 h. Procesión dende a Igrexa Parroquial de Abo ata a Carballeira de Turbela
11,30 h. Misa Solemne de campaña cantada pola Coral Polifónica de Arbo
13,00 h. Concerto da Banda de Música Municipal de Arbo e a Banda de Música Infantil de Arbo
14,00 h. Xantar Campesino amenizado polo GRUPO PRYSMA
17,00 h. Xogos Populares
19,00 h. Baile Popular amenizado polo GRUPO PRYSMA
- 18 DE AGOSTO (SÁBADO)**
De 20,00 h. a 22,00 h. no Pavillón Polideportivo. CURSO CONTINUACIÓN DEFENSA PERSONAL. Inscripción no Concello de Arbo. Importe: 10 €.
(o pago dos 10 € - inclúe dúas clases: 7 de xullo e 18 de agosto)
- 19 DE AGOSTO (DOMINGO)**
Actuación do Grupo Folclórico A BARCA DE LOINIL. Ás 11,00 h. no Torreiro de Festas de Razes - Sela
- 22 DE AGOSTO (MÉRCORES)**
Ás 12,00 h. na Biblioteca Municipal Actuación Infantil “Ian & Elisa” dentro do programa Ler Conta Moito
- 25 DE AGOSTO (SÁBADO)**
Ás 21,30 h. Festa Fin de Verán na Praza Consistorio
- 26 DE AGOSTO (DOMINGO)**
ANDAINA INFANTIL Saída ás 11,00h dende o Museo Arbo e remate na Piscina Municipal
II TORNEO FUTBOL SALA SAN ROQUE Ás 20,00h no Pavillón Municipal de Deportes

SETEMBRO

- 1 DE SETEMBRO (SÁBADO)**
III Pool Party – FESTA NA PISCINA - Ás 17,00 h. na Piscina Municipal de Arbo
- 2 DE SETEMBRO (DOMINGO)**
TROFEO DE FÚTBOL “VILA DE ARBO”, no Campo de Fútbol Municipal de Arbo.
Organiza: Concello de Arbo Colabora: C.F. Arbo
ACTUACIÓN DO GRUPO FOLCLÓRICO A BARCA DE LOINIL Ás 20,00h na Praza de Barcala

Organiza: Concello de Arbo Colabora: XUNTA DE GALICIA, DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, GALICIA, NASTAIXAS, ABANCA

Tarque e Leiva, ao fronte de Gran Cañón, cabezas de cartaz do Rock in Rio Tea 2018

O concello de Ponteareas e a organización da sexta edición do Rock in Río Tea presentan o cartaz coa programación do que “posiblemente é o mellor festival gratuito da provincia”, manifestou o Alcalde, Xosé Represas.

Encabezando o cartel Gran Cañón, financiada polo concello de Ponteareas, unha banda moi especial, da que forman parte músicos consagrados da escena nacional, que ten ó fronte a voz máis importante do Rock and Roll en español na actualidade. Un motivo polo que Carlos Tarque sempre foi a aspiración mais ilusionante para a organización do festival pero non o único; a especial relación de Tarque con Ponteareas, de donde é a súa nai e donde aínda reside boa parte da súa familia, fai que poder gozar do músico e compositor sobre un escenario da vila sexa un orgullo para o Rock in Río Tea, e se converta no acontecemento musical máis esperado en moito tempo.

Carlos Tarque non chega só a Ponteareas. Polo escenario “Aguas de Mondariz” pasará un auténtico “dream team” do Rock and Roll. Gran Cañón conta



nas súas filas con Leiva (Pereza) na batería e na voz, Julián Maeso ó piano e co seu inseparable órgano Hammond, Ovidi (Los Zigarros) na guitarra e na voz, Iván “Chapo” (M-Clan) ó baixo e Prisco (M-Clan) na guitarra. Unha banda increíble que repasará ós clásicos do Rock dos 70.

O sábado 21 de Xullo, compartirán cartel con Terbutalina, outra banda moi desexada pola organización que aportará ese punto de loucura garaxe-punk que fará bailar a todo o que se acerque polo parque da feira vella. Os Madrileños The Parrots, completarán esa enerxía

garaxeira e gamberra coa que triunfan dentro e fora das nosas fronteiras no escenario “Mahou”. Basanta, que están a arrasar co seu último traballo “Colorama” levarán a maxia o misterio e o fuzz ó escenario “Aguas de Mondariz”, no que abrirán o festival os gañadores do concurso de Bandas 2018 Atomic Lemons. Os lisboetas Her Name Was Fire completarán o cartel do sábado subindo os decibelios co seu stoner arrasador.

O venres 20 de Xullo teremos a unha das bandas galegas con mais proxección do momento. Stoned At Pompeii, que

xa están a xirar por todo o mundo co seu traballo “Ancroidal”, paticipando en festivais tan importantes como o Resurrection Fest, encabezará a proposta do venres. A banda local MET, que xa participaran na primeira edición do festival volven a casa co seu espírito indie. Abrirán a xornada do venres os alumnos da CDM (Rock School) de Ponteareas, o futuro do Rock and Roll, que namoran co seu precoz talento e a súa espontaneidade.





DISCARLUX
ONLINE

A mellor carne galega ao servizo da restauración

91 507 98 61
discarlux.es



Polígono Industrial de Vallecas Dos, 14
Madrid